

Modificación de concerto: engádesse 1 unidade de FCT do ciclo medio de comercio.

Composición resultante do concerto educativo:

Nivel: educación secundaria obrigatoria.

Nº de unidades que se concertan: 2 do 1º ciclo e 2 do 2º ciclo.

Nivel: formación profesional específica.

-Ciclos formativos de grao medio.

Unidades que se concertan: 1.

1 de comercio.

-Programas de cualificación profesional.

Unidades que se concertan: 1.

1 de costura.

-FCT ciclos formativos de grao medio.

Unidades que se concertan: 1.

1 de comercio.

Duración (anos): 4.

Resolución do 17 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se seleccionan os centros desta comunidade autónoma que participarán na actividade de escolas viaxeiras no ano 2010.

Por Orde do 23 de outubro de 2009 (DOG do 5 de novembro), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para a realización de actividades de escolas viaxeiras durante o ano 2010.

Efectuada a valoración de solicitudes polas comisións provinciais previstas no punto 8 da devandita orde, e conforme a proposta da comisión constituída con tal fin nesta dirección xeral, e en función das atribucións que me foron conferidas pola orde de referencia,

RESOLVO:

Seleccionar os centros que participarán na actividade de escolas viaxeiras que se sinalan no anexo que se xunta a esta resolución.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Quenda	Ruta	Data	Denominación	Localidade	Provincia
1	Baleares	22-28 marzo	CEIP As Mercedes	Lugo	Lugo
1	CAN Tenerife	27 abril-3 maio	CEIP Filomena Dato	Barbadás	Ourense
1	Navarra	27 abril-3 maio	CEIP Ricardo Tobío	Muros	A Coruña
1	CYL Salamanca	3-9 maio	CPI Virxe do Monte	Cospeito	Lugo
1	Extremadura	9-15 maio	CEIP de Monforte	Monforte de L.	Lugo
1	País Vasco	9-15 maio	CEIP Santa Baía	Boiro	A Coruña
1	Madrid	10-16 maio	CPI Castro-Baxoi	Castro-Miño	A Coruña
1	Andalucía Oriental	11-17 maio	CEIP Sta. María	A Fonsagrada	Lugo

Quenda	Ruta	Data	Denominación	Localidade	Provincia
1	Madrid	17-23 maio	CPI Ramón Piñeiro	Láncara	Lugo
1	Cataluña	18-24 maio	CEIP A Lama	A Lama	Pontevedra
1	CYL Soria	18-24 maio	CEIP S. Xoán de Filgueira	Ferrol	A Coruña
1	La Rioja	18-24 maio	CEIP A Fraga	As Pontes de G.R.	A Coruña
1	Navarra	18-24 maio	CPI de Castroverde	Castroverde	Lugo
1	Aragón	30 maio-5 xuño	CPI Manuel Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra
1	C. Valenciana	31 maio-6 xuño	CEIP Gándara-Sofán	Carballo	A Coruña
1	CYL Soria	1-7 xuño	CEIP Magaláns-Dorrón	Sanxenxo	Pontevedra
2	Murcia	28 setembro-4 outubro	CPR A Asunción	Sarria	Lugo
2	País Vasco	3-9 outubro	CPR Vila do Arenteiro	O Carballiño	Ourense
2	Andalucía Occidental	4-10 outubro	CEIP Santa Rita	Viveiro	Lugo
2	CYL Salamanca	4-10 outubro	CEIP Alexandre Bóveda	Redondela	Pontevedra
2	Madrid	4-10 outubro	CEIP Manuel Respino	A Rúa	Ourense
2	Cataluña	12-18 outubro	CEIP Pino do Val	Mazaricos	A Coruña
2	CYL Burgos	12-18 outubro	CEIP de Chans-Bembibre 5º A	Vigo	Pontevedra
2	Navarra	12-18 outubro	CPR San Pío X	Ourense	Ourense
2	CLM Toledo	19-25 outubro	CPI A Picota	Mazaricos	A Coruña
2	CYL Soria	19-25 outubro	CEIP Antonio Pédrosa Latas	Viveiro	Lugo
2	La Rioja	19-25 outubro	CPR Pablo VI-Fátima	A Rúa	Ourense
2	Navarra	19-25 outubro	CEIP Sta. Mariña	Vigo-Cabral	Pontevedra
2	Extremadura	24-30 outubro	CPR Sagrado Corazón	Celanova	Ourense
2	País Vasco	24-30 outubro	CEP Xesús Ferro Couselo	Pontecesures	Pontevedra
2	C. Valenciana	25-31 outubro	CEIP O Ruxidoiro	Barbadás	Ourense
2	CLM Toledo	2-8 novembro	CPR Mercantil	Vigo	Pontevedra
2	Extremadura	7-13 novembro	CPR Manuela Rial Mouzo	Cee	A Coruña
2	Aragón	8-14 novembro	CEIP Xulio Camba	Vilanova de Arousa	Pontevedra
2	Andalucía Occidental	15-21 novembro	CEIP de Teixeira	Curtis	A Coruña
2	Aragón	15-21 novembro	CEIP A Gándara	Monforte de L.	Lugo
2	Madrid	15-21 novembro	CPR Bouza Brei	Vigo	Pontevedra

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010.

O obxecto desta orde pola que se convoca a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores e traballadoras desempregados/as é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para os cursos de formación profesional para o emprego, que teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras.

Todas estas accións de formación profesional para o emprego conforman un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego, como medida de mellora da empregabilidade dos desempregados dentro da Estratexia Europea de Emprego acordada polo Consello Europeo extraordinario de

Luxemburgo, e da estatal, de acordo co Plan Nacional de Acción para o Emprego.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo Regulamento (CE) 396/2009, do 6 de maio do 2009, sinala que o fondo apoiará, entre outras, as accións nos Estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, prevé a formación de oferta, entendida como aquela que ten por obxecto facilitar ás persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda os requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, capacitándoas para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

A Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, en materia de formación de oferta, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Entre as distintas modalidades de formación de oferta que regula a antedita orde inclúense as accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados, cuxa execución se realizará mediante a convocatoria do órgano competente de cada comunidade autónoma conforme as bases que na orde se establecen.

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, inclúe aspectos relativos á impartición e avaliación das ofertas de formación profesional para o emprego correspondentes aos novos certificados de profesionalidade.

A Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional ocupacional mediante o Decreto 69/1993, do 10 de marzo.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar atribúe á Dirección Xeral de Formación e Colocación o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, relativas á formación profesional para o emprego.

O II Plan Galego de Formación Profesional defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan artéllase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden na inte-

gración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5º.2. que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición. Tamén será de aplicación o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria. Tamén será de aplicación o R.D. 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regulan a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, en canto vía de proxectos con compromiso de contratación inmediata.

Esta orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 12.05.323A.440.0 (300.000 €) 12.05.323A.444.0 (150.000 €), 12.05.323A.460.1 (10.222.458 €) 12.05.323A.471.0 (19.846.485 €), 12.05.323A.481.0 (20.182.451 €) que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010, con códigos de proxecto 201000817, incluídos no Programa Operativo Adaptabilidad y Empleo 2007ES05UP0001. Destas cantidades o 80% será achegado polo Fondo Social Europeo e o 20% pola Administración do Estado.

Consecuentemente con todo o anterior, consultados o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Galego de Relacións Laborais, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexe-

rá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a convocatoria pública como a execución das accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores e traballadoras desempregados, correspondentes ao exercicio de 2010, xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través dos seus departamentos territoriais e da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva, agás nos seguintes casos:

-As vías de convenios de colaboración vencellados a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional e que se consideren de interese social a que se refire o punto 2 do artigo 14º, que se tramitarán segundo o previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Os proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata a que se refire o número 3 do artigo 14º desta orde, que se tramitarán en réxime de concesión directa, de conformidade coa normativa estatal.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán participar nesta convocatoria:

a) Na vía de programación 1a do artigo 14º: todos aqueles centros e entidades de formación inscritos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, naquelas especialidades que teñan homologadas na data de publicación desta orde.

b) Na vía de programación 1b do artigo 14º: as persoas físicas, as entidades xurídicas e as institucións que desenvolvan unha actividade que teña relación directa coa formación e os centros e entidades de formación inscritos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, agás as entidades da Administración local e as corporacións de dereito público.

c) Na vía de programación 2 do artigo 14º: administracións locais e outras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre o seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores/as aos/ás que se dirixen estes programas.

d) Na vía de programación 3 do artigo 14º: as empresas, as súas asociacións ou outras entidades que presenten un proxecto formativo específico para elas con compromiso de contratación inmediata.

2. Non poderán ser beneficiarias das subvencións aquelas entidades que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TÍTULO II

PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

CAPÍTULO I

DO PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 3º.-Solicitudes, documentación e prazo.

1. As entidades que desexen participar nesta convocatoria preferentemente empregarán a aplicación de solicitudes dispoñible no enderezo <https://emprego.xunta.es/sifo-solicitudes>. Mediante esta aplicación poderán cubrir a información relativa á solicitude das axudas (anexos I, II, III, V e VI) e presentala telematicamente no rexistro telemático da Xunta de Galicia.

Non obstante, o resto da documentación referida no punto 2, así como a copia do anexo I, presentárase nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar que correspondan ao domicilio do solicitante ou na Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo o caso, por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando para eso os modelos normalizados que se publican como anexos a esta orde.

Cada entidade presentará un único anexo I por vía de programación, en que se incluírán todas as accións formativas solicitadas pola vía elixida de acordo co artigo 14º, indicando expresamente a vía de programación elixida.

As solicitudes tamén se poderán presentar en papel, por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Todas as solicitudes deberán vir acompañadas pola seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude.

b) Copia compulsada do CIF ou NIF da entidade.

c) Unha ficha por cada un dos cursos solicitados no modelo normalizado (anexo II), agás as solicitudes que se presentasen por rexistros telemáticos.

d) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma acción formativa nas distintas administracións públicas competentes ou noutros entes públicos.

e) Declaración responsable de non atoparse incurso nalguna das circunstancias establecidas no artigo 13, punto 2º e 3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10, punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que impiden obter a condición de beneficiario.

f) Acreditación documental de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto,

coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia; excepto as entidades que se recollan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

g) Declaración responsable do compromiso do desenvolvemento das accións formativas en galego, de ser o caso.

h) Cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a novos certificados de profesionalidade, entendendo por novo certificado de profesionalidade para os efectos desta orde aqueles publicados a partir do ano 2008, as entidades deberán, ademais, achegar a seguinte documentación:

-Programa formativo elaborado pola propia entidade, tomando como base para a súa elaboración o contido do correspondente certificado de profesionalidade e segundo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego.

-Convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluída no certificado de profesionalidade, se é o caso.

i) Cando as especialidades formativas que se soliciten sexan como proxectos experimentais ou innovadores e, polo tanto, non estean incluídas no ficheiro de especialidades formativas, ou se concedan ao abeiro do artigo 14º.2 e estean vencelladas a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional, as entidades deberán, ademais, achegar a seguinte documentación:

-Informe motivado das necesidades de formación nesa especialidade en relación co mercado de traballo.

-Programa formativo elaborado pola propia entidade segundo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego.

-Valoración estimada do custo da formación de acordo co sistema de cálculo establecido pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

-Planos e unha descrición dos inmobles e instalacións: aulas e talleres onde se vai realizar a acción formativa, concretando as respectivas superficies en metros cadrados, así como a relación de equipamentos e material que se vai empregar.

l) Xustificación documental de ter inserido laboralmente alumnos formados da convocatoria anterior ou de ter cumprido na execución das accións formativas concedidas na convocatoria anterior co compromiso de inserción laboral ou de prácticas profesionais non laborais nas empresas, de ser o caso, para os efectos do establecido no artigo 4º.4 d).

3. Nas vías de programación 1b e 2 reguladas no artigo 14º, as entidades solicitantes, segundo o artigo 9 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño, polo que se regula o procedemento para a homologación de especialidades formativas e para a inscrición no censo de centros colaboradores de formación ocupa-

cional, para a homologación das instalacións, deberán achegar, ademais:

-Xustificante de propiedade, arrendamento ou título lexítimo que habilite para a posesión dos inmobles e instalacións correspondentes, equipamento didáctico, talleres ou campos de práctica. No caso de que a parte práctica do curso se vaia desenvolver en empresas, achegarase o compromiso da empresa co centro colaborador para que se realicen naquela as prácticas.

-Licenza municipal de apertura ou, de ser o caso, o disposto no artigo 27º desta orde.

-Planos oficiais dos inmobles e instalacións.

-Memoria de inmobles e instalacións identificando no plano cada espazo físico e a súa superficie e as aulas e talleres/campos de prácticas que se van utilizar.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG para as vías de programación 1a e 1b establecidas no artigo 14º.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de xuño para as vías de programación 2 e 3 establecidas no artigo 14º.

A obtención da subvención quedará condicionada á existencia de crédito dispoñible, de acordo co establecido no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase o solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

6. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

8. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

9. Os beneficiarios das axudas concedidas incluíranse no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e máis no de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

Artigo 4º.-*Procedemento.*

1. Os órganos instructores do procedemento serán:

a) Para a vía de programación regulada no artigo 14º.1 a):

-A Dirección Xeral de Formación e Colocación, para as confederacións empresariais e sindicais de ámbito provincial ou autonómico e as entidades con centros homologados en máis dunha provincia,

-Os correspondentes departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, para as entidades con centros homologados nunha soa provincia.

b) Para a vía de programación prevista no artigo 14º.1 b) e 14º.3: os correspondentes departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

c) Para as vías de programación recollidas no artigo 14º.2: a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas concrecións que se establecen nos parágrafos seguintes:

a) Para a vía de programación recollida no artigo 14º.1 a):

-No ámbito provincial, os expedientes remitirán-selle á comisión de valoración para o seu informe que, xunto co informe da Dirección Xeral de Formación e Colocación e coa proposta de resolución realizada polo Servizo de Formación e Colocación, será elevada ante o xefe/a do departamento territorial para a súa resolución.

-Nos expedientes de resolución centralizada, remitirán-selle á comisión de valoración para o seu informe que, xunto coa proposta de resolución realizada pola Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, será elevada ao director/a xeral de Formación e Colocación para a súa resolución.

b) Para a vía de programación recollida no artigo 14º.1 b):

Os expedientes remitirán-selle á comisión de valoración para o seu informe que, xunto co informe da Dirección Xeral de Formación e Colocación e coa proposta de resolución realizada polo Servizo de Formación e Colocación, será elevada ante o xefe/a do departamento territorial para a súa resolución.

3. Para os efectos do previsto neste artigo, as comisións de valoración estarán compostas polos seguintes membros:

a) Nos departamentos territoriais, polo xefe/a do Servizo de Formación e Colocación, que a presidirá, e por dous vogais, dos cales un actuará como secre-

tario, designados de entre o persoal do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar polo xefe/a do departamento.

b) Nos servizos centrais, polo subdirector/a xeral de Formación para o Emprego, que a presidirá, e por dous vogais, dos cales un actuará como secretario, designados de entre o persoal da Dirección Xeral de Formación e Colocación polo director/a xeral de Formación e Colocación.

c) Se, por calquera causa, no momento en que as comisións de valoración teñan que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o respectivo xefe/a do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar ou o director/a xeral de Formación e Colocación, segundo proceda.

4. Para avaliar as solicitudes das vías de programación 1a e 1b, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Se a programación se axusta á prevista no anexo IV ou a especialidade formativa se considera experimental: 20 puntos.

b) Se as solicitudes presentan un proxecto formativo cunha metodoloxía innovadora ou que introduza de forma significativa as novas tecnoloxías para a impartición da acción formativa: ata 15 puntos.

c) Por comprometerse a facer prácticas profesionais non laborais nas empresas ata 10 puntos. O compromiso de realización de prácticas deberá presentarse segundo o modelo que figura no anexo V.

As prácticas profesionais non laborais nas empresas que se valoran son as realizadas fóra do programa formativo do curso, sempre que se atean ao previsto no artigo 24º.B.

d) Pola inserción laboral dos/as alumnos/as formados ou polo compromiso de inserción; valorarase da seguinte forma cun máximo de 30 puntos:

Entenderase por inserción laboral a contratación laboral dos alumnos/as formados da convocatoria de 2009.

d.1) Para as solicitudes de especialidades formativas da mesma familia profesional que as impartidas ao abeiro da convocatoria de 2009, valoraranse:

-Os/as alumnos/as formados e inseridos en ocupacións relacionadas coa familia profesional das especialidades impartidas ao abeiro da convocatoria do ano 2009: ata 30 puntos.

-Os/as alumnos/as formados e inseridos noutras ocupacións: ata 10 puntos.

d.2) Para as solicitudes doutras familias profesionais distintas das impartidas ao abeiro da convocatoria de 2009: valorarase o compromiso de inserción para a acción formativa solicitada neste exercicio. O compromiso de inserción deberá presentarse segundo o modelo que figura no anexo VI: ata un máximo de 30 puntos.

O compromiso de inserción laboral de alumnos formados valorarase só respecto daqueles alumnos que non tivesen ningún tipo de relación laboral nin co centro de formación nin coa empresa onde se realizará a inserción.

e) Certificación do sistema de xestión de calidade ISO 9001 ou plan de mellora EFQM, se se achegase: 5 puntos.

f) Experiencia e xestión do centro: valorarase da seguinte forma, cun máximo de 15 puntos:

Para os centros que impartiron formación nalguna das convocatorias da programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas:

-Informe técnico de seguimento: ata 10 puntos.

-Xestión administrativa e contable: ata 5 puntos.

g) O emprego da lingua galega na realización das accións formativas puntuarase con 5 puntos.

As comisións de valoración determinarán o número de cursos que se realizarán en cada comarca, en función da poboación desempregada, e o número de cursos que se realizarán por especialidade formativa atendendo ás necesidades do mercado de traballo e á diversificación da oferta formativa.

Para poder acceder á programación será necesario unha puntuación mínima de 35 puntos.

5. Para a vía de programación recollida no artigo 14º.2 o procedemento será o abreviado regulado no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, para a vía de programación recollida no artigo 14º.3, o regulado no artigo 26 da devandita lei.

Formularase a proposta de concesión ao director/a xeral tras comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, sen que interveña a comisión de valoración.

Artigo 5º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas da vía de programación 1a, logo do informe da comisión de valoración, do cumprimento do trámite de audiencia cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, corresponderalle:

a) Ao/a director/a xeral de Formación e Colocación, por delegación do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar, cando se trate das confederacións empresariais e sindicais de ámbito provincial ou autonómico e as entidades con centros homologados en máis dunha provincia, e

b) Aos/as respectivos xefes/as dos departamentos territoriais, por delegación do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar, para as entidades con centros homologados nunha soa provincia.

2. A resolución dos expedientes de axudas da vía de programación 1b, logo do informe da comisión de valoración, do cumprimento do trámite de audiencia cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respec-

tiva intervención, corresponderalles aos/as respectivos/as xefes/as dos departamentos territoriais por delegación do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar.

3. A resolución dos expedientes de axudas das vías de programación 2 e 3, unha vez fiscalizadas pola intervención delegada, correspóndelle ao director/a xeral de Formación e Colocación.

4. As resolucións dos expedientes comunicaranse ao Consello Galego de Formación Profesional ou aos comités provinciais de emprego e seguimento da contratación laboral, segundo o caso.

5. As resolucións deberán ser notificadas aos interesados e deberán ditarse no prazo de seis meses contados desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano instrutor. Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase desestimada.

6. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

7. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente a contía total concedida e incorporará, de ser o caso, as condicións, o compromiso de inserción ou de prácticas non laborais dos/as alumnos/as asumido, as obrigas e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

8. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 6º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral para todos os centros colaboradores no artigo 12 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño, as entidades beneficiarias das axudas deberán enviar a documentación que se indica a continuación e nos prazos sinalados, tendo en conta que os datos da xestión do curso deberán introducirse en liña a través da aplicación informática SIFO que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá á disposición dos centros. Para que este proceso en liña poida realizarse, os centros colaboradores deberán dispoñer de saída á internet a través dunha liña RDSI, ADSL ou outra de calidade equivalente ou superior.

Deste modo, as entidades beneficiarias deberán:

1. Requisir de cada alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá archivarase separadamente por cada curso:

-Copia simple do DNI.

-Ficha individual.

-Documentación acreditativa de ter dereito á percepción das axudas reguladas no artigo 21º e, de ser o caso, o número de conta bancaria.

-Para os cursos de novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso.

-De ser o caso, a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.

-Copia do diploma do módulo transversal ou obriatorio, de ser o caso.

2. Como mínimo cinco días antes do inicio do curso:

-Introducir na aplicación informática na ficha de SIFO de inicio os seguintes datos:

-Planificación temporal.

-Programa completo, agás naquelas especialidades que teñen programación modular.

-Enderezo completo.

-Profesorado.

-Documentalmente: remitirase á Dirección Xeral de Formación e Colocación e/ou ao departamento territorial correspondente a seguinte documentación:

*A planificación temporal dos módulos do curso, indicando a previsión das visitas didácticas ao longo do curso.

*A relación dos docentes que van impartir o curso. Farase constar a súa formación metodolóxica e relación dos módulos que impartirá cada un deles.

*A documentación acreditativa da formación e experiencia do profesorado cando esta non estea en poder da Consellería de Traballo e Benestar.

*A identificación do persoal de dirección, seguimento e control da actividade docente.

3. Remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación e/ou ao correspondente departamento territorial, segundo proceda:

a) No momento da solicitude de candidatos/as á oficina de emprego

Introducir na aplicación informática SIFO as datas de inicio e de finalización do curso.

b) O día de inicio de cada curso

Documentalmente:

-Certificación xustificativa do comezo do curso e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no punto anterior.

c) Nos 10 días lectivos seguintes ao inicio do curso:

Documentalmente:

-As datas de inicio e remate do curso, así como o horario de impartición.

-O enderezo completo do lugar de impartición.

-Copia simple do DNI dos/as alumnos/as.

-Documentación acreditativa das axudas a que teñen dereito os/as alumnos/as.

-Certificación asinada polo responsable do centro, en que se relacionen os/as alumnos/as, especificando os que teñen dereito a algunha axuda ou bolsa.

-A solicitude de anticipo, de ser o caso.

d) Mensualmente:

-A folla de control de asistencia, asinada polos docentes.

-As nóminas dos/as alumnos/as perceptores de axudas. Poderá optarse por enviar documentalmente a orde de transferencia de fondos ás súas contas bancarias.

Estes dous documentos deberán ser os xerados pola aplicación SIFO unha vez cuberta a información necesaria, e deberán archivarase os orixinais asinados, separadamente, por cada curso.

e) No prazo de 15 días desde o remate de cada curso:

-Completar a información relativa á finalización do curso na aplicación SIFO.

-Proceder á xustificación dos custos de cada curso, mediante a seguinte documentación, que deberá presentarse selada e asinada:

-Solicitude de liquidación final.

-Certificación do gasto.

-Relación de nóminas e facturas.

Estes tres documentos deberán xerarse na epígrafe de Solicitude de pagamentos do SIFO.

-Orixinal ou fotocopia compulsada das facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables ao curso.

-Amortizacións, de ser o caso.

-Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para a mesma acción formativa ás distintas administracións públicas competentes ou a calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Exceptúanse do cumprimento deste prazo de 15 días as entidades que teñan un mínimo de 15 cursos

programados, que poderán presentar a xustificación dos gastos de todos os cursos de maneira conxunta.

A data límite para a presentación da xustificación final dos cursos será o 30 de novembro de 2010, agás os que rematen con posterioridade por autorización do órgano competente, nos cales a data límite de xustificación será o día seguinte ao da finalización do curso.

Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación, nos servizos centrais, ou o Servizo de Formación e Colocación, nos respectivos departamentos territoriais, emitirán certificacións para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

4. Acreditar, con independencia da contía da subvención, tanto antes de ditarse a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Exceptúanse desta obriga as entidades que se recollan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

A presentación da solicitude de concesión de axudas ou subvencións pola entidade interesada comportará autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público.

6. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro o programa completo do curso temporizado por módulos, os dereitos e deberes dos/as alumnos/as e dos centros colaboradores, así como a relación dos docentes e o horario do curso. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores do curso, e seguiranse os criterios de publicidade establecidos nos puntos 15 e 16 deste artigo.

7. Aboar mensualmente aos/as alumnos/as as axudas previstas no artigo 21º e aos profesores a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise os anticipos previstos nesta orde.

8. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Traballo e Benestar, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa.

Para os cursos de novos certificados de profesionalidade, someterse ás actuacións de avaliación, seguimento e control, internas e externas, segundo o Plan Anual de Avaliación, previsto no artigo 18.2º do R.D. 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.

9. Contratar un seguro de accidentes para os/as alumnos/as, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá o período do curso, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado.

10. Contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas, cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso. Esta póliza deberá incluír tamén as prácticas.

11. Comunicar aos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou á Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo proceda, calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos cursos programados, no prazo de cinco días desde que se produza.

12. Solicitar aos departamentos territoriais ou á Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo proceda, con cinco días de antelación, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento dos cursos.

13. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

14. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polo órgano competente da Unión Europea, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15. Incluír en toda a documentación relativa ao curso o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo *O FSE inviste no teu futuro*) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

16. Informar os/as alumnos/as do cofinanciamento dos cursos por parte da Administración do Estado e da Unión Europea (Fondo Social Europeo), así como dos obxectivos destes fondos.

17. Remitir un informe individualizado de cada alumno cualificando os progresos acadados en cada un dos módulos profesionais da acción formativa.

Para os cursos de novos certificados de profesionalidade, remitir acta da avaliación dos alumnos por módulos, e de ser o caso, por unidades formativas, así como a documentación que se requira para os procesos de seguimento e control da calidade das accións formativas, segundo o establecido nos artigos 14 e 18 do R.D. 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.

18. Solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación ou ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente, autorización previa para a realización de viaxes didácticas. Esta solicitude deberá ser presentada con dez días hábiles de antelación á súa realización.

19. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, as entidades, no momento da selección, deberán pedir aos/as alumnos/as documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. Esta documentación deberán remitila, xunto coa acta de selección, á oficina de emprego para a súa validación.

CAPÍTULO II

DAS SUBVENCIONS Á FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Artigo 7º.-*Determinación das subvencións para a acción formativa.*

1. As accións formativas impartidas ao abeiro desta orde serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución.

2. Os módulos económicos aplicables para os efectos de determinación e xustificación das subvencións destinadas ao financiamento das accións formativas desta convocatoria son os que figuran na web da Consellería de Traballo e Benestar, en cada unha das especialidades do ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, e non poderán superar os máximos determinados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais mediante a Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o R.D. 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta.

3. O importe das accións formativas concretarase no produto de horas do curso polo número de alumnos/as e polo importe do módulo que lle correspondan á especialidade.

4. Cando a media de alumnos/as subvencionados no primeiro cuarto do curso sexa inferior a 15, o importe máximo da acción formativa reducirase na porcentaxe resultante de multiplicar por tres a diferenza entre 15 e a media de alumnos/as subvencionados do primeiro cuarto. Para estes efectos non terá a consideración de baixa cando esta se produza por colocación ou cando un alumno, coa preceptiva autorización, cause baixa nun curso para incorporarse a outro.

5. No caso de cursos que teñan un mínimo dun alumno con certificación de minusvalidez e a enti-

dade impartidora o solicite expresamente, poderase incrementar o importe que se pode imputar nos seguintes conceptos:

a) Para persoal de apoio, ata un máximo de 9 € por hora lectiva

b) Para a adaptación curricular ou do material didáctico necesario: pola contía do gasto realmente efectuado.

Para o aboamento deste importe ditarase unha resolución complementaria co importe total dos gastos autorizados por estes conceptos.

6. As subvencións previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 8º.-*Remate das accións.*

O remate dos cursos terán como data límite o 30 de novembro de 2010. Excepcionalmente, por causas xustificadas, e sempre logo de autorización do órgano competente, os cursos poderán rematar ata o 15 de decembro de 2010.

Artigo 9º.-*Custos subvencionables.*

I. Custos directos da actividade formativa:

1. Docencia: as retribucións dos formadores internos e externos, entre as que se poden incluír salarios, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción e, en xeral, todos os custos imputables no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación aos participantes das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por horas dedicadas á actividade a que se imputen.

Establécese un custo mínimo en concepto de docencia. O antedito estipúlase como mínimo no 35% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as. En ningún caso este custo poderá ser superior ao prezo de mercado.

A xustificación dos pagamentos das retribucións aos docentes dos cursos deberá facerse, en todo caso, mediante apuntamento bancario.

Teranse en conta as seguintes indicacións:

1.A. Docente contratado por conta allea: consideraranse elixibles, por unha banda, os soldos e honorarios do profesorado e, por outra, os gastos de Seguridade Social, aceptándose en ambos os casos única e exclusivamente o custo das horas lectivas correspondentes á acción formativa referida. Deberá achegarse:

a) Contrato laboral do docente.

b) Nóminas dos docentes como xustificante de gasto ou o certificado de haberes individual asinado polo representante legal e cos datos dos docentes.

c) Documentos da Seguridade Social (TC-1 e TC-2), incluíndo o selo de imputación. O custo da Seguridade Social tamén poderá ser reflectido no selo das nóminas ou certificados de haberes, sempre e cando no dito selo se desagregue convenientemente qué porcentaxe se refire á Seguridade Social e qué porcentaxe se refire á retribución ao docente. Isto non exime da achega dos documentos da Seguridade Social.

I.B. Docente contratado por contrato mercantil: considerarase elixible unicamente o custo derivado dos seus honorarios, non podendo imputarse custos por Seguridade Social. Deberá achegarse:

a) Contrato realizado co traballador.

b) Facturas emitidas relativas á acción formativa como xustificante de gasto, nas cales se inclúa a denominación da acción formativa, o número de horas impartidas, o custo por hora e o importe correspondente.

I.C. Contratación con empresas docentes. Deberá achegarse:

a) Contrato realizado coa empresa docente, onde se detalle a acción formativa, período ou número de horas que se impartirán, persoal docente interviniente, custo da acción e forma de pagamento.

b) Facturas emitidas pola empresa docente como xustificante de gasto.

I.D. Docente que conste como socio da entidade: cando o beneficiario da subvención sexa persoa xurídica e o seu socio impute custos como docente será necesario achegar:

a) Factura onde se reflecta a denominación da acción formativa, número de horas impartidas, custo por horas e importe que se percibirá.

b) Alta de socio no I.A.E.

c) Boletín de cotización ao réxime especial de traballadores autónomos (TC-1/15) do período de execución formativa, non supoñendo este un custo elixible.

d) En caso de cotizar no réxime xeral da Seguridade Social, deberá presentar as nóminas compulsadas do período formativo e os documentos da Seguridade Social (TC-1 e TC-2) do antedito período.

2. Preparación e titorías: aceptaranse os custos de preparación, seguimento, control da actividade docente, avaliación da impartición e titorías imputadas polos docentes da actividade formativa e/ou persoal que realice estas funcións. Os criterios de xustificación deste punto seguirán as mesmas directrices establecidas para o persoal nos puntos anteriores, reflectindo de maneira separada nos xustificantes de gasto os custos derivados dos diferentes conceptos imputables. En ningún caso estes custos poderán superar o 20% dos gastos xustificados en docencia. Así mesmo, o persoal imputado

neste punto non poderá ser imputado no apartado de persoal de apoio dos custos asociados.

3. Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións formativas, incluíndo o material de protección e seguridade.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

Consideraranse textos e materiais dun só uso polo/a alumno/a e os materiais de traballo funxibles utilizados durante as actividades de formación.

4. Os gastos de amortización de equipamentos didácticos e plataformas tecnolóxicas, aulas, talleres e demais superficies calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade. Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipamentos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

As amortizacións rexeranse polos seguintes criterios:

1º Amortización do mobiliario e material inventariable: poderá amortizarse durante os 5 anos sucesivos á súa adquisición. Para o cálculo do importe que se pretende amortizar, dividirse o custo do ben entre 60 meses e o resultado multiplicarase polo número de meses que dure a acción formativa.

2º Amortización de material informático e instrumentos de precisión e laboratorio: poderá realizarse durante os 3 anos sucesivos á súa adquisición. Para o cálculo do importe que se pretende amortizar, dividirse o custo do ben entre 36 meses e o resultado multiplicarase polo número de meses que dure a acción.

3º Para que se poidan aboar os gastos previstos neste artigo, será imprescindible a posesión da correspondente factura orixinal de compra dos bens que se pretendan amortizar.

4º Amortización de instalacións: enténdese por instalación o lugar onde se imparte o curso máis a porcentaxe dos elementos comúns.

Período de amortización: 20 anos. Non deben transcorrer máis de 20 anos desde a construción ou adquisición do elemento que se pretende amortizar:

Deberán acompañar a amortización:

-Copia do título de propiedade ou escritura de compra ou certificación da obra.

-Certificado do responsable da entidade de que a obra non se realizou con subvención de ningunha Administración. No caso de que unha parte fose subvencionada, só se poderá solicitar a amortización da parte non subvencionada.

-Só serán amortizables:

*Os metros cadrados onde se imparta o curso.

*A porcentaxe de elementos comúns.

-Contía que se vai amortizar: a porcentaxe correspondente do importe da factura de construción do edificio ou instalación.

-Fórmula:

Porcentaxe utilizada do importe da compra ou do importe da obra / 240 meses = custo mensual.

(custo mensual) x (número de meses de acción) = importe amortización.

Non se amortizarán en ningún caso instalacións construídas ou adquiridas con anterioridade a 20 anos, contados desde a resolución de concesión do curso de que se trate.

5º Os materiais didácticos de traballo susceptibles de usos continuados por diferentes grupos de alumnos/as poderán ser amortizados (a tres anos) sempre que non sexan entregados aos/as alumnos/as primeiros usuarios.

5. Os gastos de aluguer e arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, dos equipamentos didácticos e plataformas tecnolóxicas, así como das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da acción.

Os alugueres rexeranse polos seguintes criterios:

-O importe dos gastos de alugueres de instalacións non poderá superar o 15% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as. Para a xustificación deste concepto as entidades impartidoras deberán achegar fotocopias compulsadas das facturas ou dos recibos correspondentes. O cálculo do importe do aluguer dos locais realizarase segundo o número de meses de duración do curso e proporcionalmente á aula ou aulas utilizadas.

-Cando os gastos de alugueres se refiran a maquinaria necesaria para a impartición dos cursos, o seu importe non poderán superar o 15% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as. Non obstante, o órgano encargado da resolución dos cursos poderá autorizar excepcionalmente que se poida superar esa porcentaxe, tras a previa petición da entidade impartidora. Na solicitude deberá figurar unha memoria explicativa en que se fagan constar os motivos alegados para solicitar esta excepcionalidade, acompañada de tres orzamentos de tres empresas diferentes.

-Terase en conta que a imputación de alugueres entre os conceptos de instalacións e maquinaria non poderá superar o 20% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

6. Gastos de seguro de accidentes dos participantes e, de ser o caso, importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización de actividades relacionadas co curso, incluídas as prácticas. O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

-No caso de morte: 36.000 €.

-No caso de invalidez permanente: 42.000 €.

-Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

7. Os gastos de publicidade para a organización e difusión das accións formativas.

II. Custos asociados:

1. Custos de persoal de apoio: os custos de persoal de apoio tanto interno como externo e todos os necesarios para a xestión e execución da actividade formativa.

2. Gastos financeiros: os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Neste punto poderanse incluír os seguintes gastos:

a) Gastos de apertura dunha conta bancaria e o seu mantemento.

b) Gastos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro que estean ligados á preparación e execución da actividade formativa. Para a xustificación dos anteditos gastos deberase achegar o contrato coa empresa asesora ou notario e as facturas ou documentos contables de valor probatorio correspondentes.

c) Aval bancario, para cuxa xustificación deberanse achegar os documentos de contitución do antedito aval ou contrato e cotas deste.

3. Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros custos, non especificados anteriormente, asociados á execución da actividade formativa.

No caso de que non se dispuxese dunha factura independente por tratarse de gastos compartidos con outras actividades, asignaranse a pro rata de acordo cun método equitativo, debidamente xustificado, de maneira que poida ser verificado, tanto a porcentaxe de imputación como o método de cálculo, cando así se requira. Xustificarase o gasto mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio.

De conformidade co artigo 29, número 9, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario deberá imputar estes custos á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e nor-

mas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

A suma dos custos asociados non poderá superar o 20% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

III. Outros custos subvencionables:

Os custos de avaliación e control da calidade da formación, ata o 5% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

IV. En todo caso, os custos subvencionables deberán responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Os pagamentos poderanse realizar polos seguintes medios:

-Transferencia bancaria.

-Cheque nominativo co seu xustificante de movemento de fondos

-Pagos en efectivo: condicións para a correcta acreditación do pagamento: debe presentar un recibo asinado e selado polo proveedor en que estea suficientemente identificada a empresa que recibe o importe e no cal consten o número e a data de emisión do xustificante de pagamento, así como o nome e o NIF da persoa que o asina. No suposto de que o pagamento se acredite mediante recibín consignado no mesmo documento xustificativo do gasto, este deberá conter a sinatura lexible indicando a persoa que o asina, o seu NIF e o selo do proveedor. Os pagamentos a docentes deberán facer obrigatoriamente por transferencia ou cheque.

V. Rastrexabilidade dos pagamentos: para aceptar os gastos como xustificados é necesario que se identifique claramente a correspondencia entre a factura/nómina e o xustificante de pagamento. Por exemplo, que apareza especificado o número de factura no concepto do xustificante bancario, posto que a simple coincidencia de proveedor e importe non e garantía suficiente. Se o xustificante inclúe o pagamento de varias facturas e non se especificaron todas no concepto de xustificante bancario, o antedito xustificante deberá ir acompañado do total das facturas que estean afectadas por el. Así mesmo, en ningún caso se darán por válidos os xustificantes de pagamento corrixidos con notas á man, rectificando calquera equivocación.

Artigo 10º.-*Subcontratación.*

A execución das accións formativas reguladas nesta orde será realizada directamente pola entidade beneficiaria. A contratación do persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

Artigo 11º.-*Pagamento.*

1. Con carácter xeral, o aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 80 por 100 do total do orzamento de gastos do curso, en concepto de anticipo, no momento en que o departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, ou a Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo proceda, reciban comunicación da entidade impartidora en que se notifique o inicio do curso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificadas os gastos realmente efectuados en cada unha, mediante certificación da persoa responsable da entidade por conceptos orzamentarios e remitida a documentación referida no artigo 6º.3 d). A xustificación realizarase curso a curso dentro dos quince días seguintes ao da súa finalización.

2. Para o caso de que se subvencionen varios cursos a unha mesma entidade, poderanse aboar anticipos de ata o 80% da subvención concedida, unha vez que a entidade acredite o inicio do primeiro dos cursos, sempre que se constitúa garantía a favor da Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

Artigo 12º.-*Incumprimento de obrigas e reintegro.*

1. O incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se estableceran na correspondente resolución de concesión ou, se é o caso, convenio ou acordo de colaboración, dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. A gradación dos posibles incumprimentos a que se fai referencia no punto anterior determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No suposto de incumprimento total:

O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga da súa xustificación dará lugar ao reintegro do 100% da subvención concedida. Igualmente, considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non acada o 35% dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado por número de alumnos/as formados.

b) No suposto de incumprimento parcial:

O incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga da súa xustificación dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendida entre o 35% e o 100% da subvención concedida, minorase na porcentaxe que se deixase de cumprir, sempre que os gastos fosen debidamente xustificadas.

Artigo 13º.-*Infraccións e sancións.*

A obriga de reintegro establecida no artigo 10 entenderase sen prexuízo do previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se concorresen as accións e omisións tipificadas na antedita lei.

As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e levarán aparelladas as sancións que en cada caso corresponda de acordo co previsto na antedita lei.

TÍTULO III

NORMAS RELATIVAS ÁS VÍAS DE PROGRAMACIÓN

CAPÍTULO I

DAS VÍAS DE PROGRAMACIÓN

Artigo 14º.-*Vías de programación.*

1. As accións formativas pódense solicitar por as seguintes vías de programación:

1a. Os centros colaboradores homologados polo procedemento previsto no Decreto 158/2001, do 29 de xuño, poderán solicitar calquera das especialidades do catálogo de familias da formación profesional para o emprego.

1b. As especialidades formativas recollidas no anexo IV, onde non exista centro homologado, poderán ser solicitadas polas entidades recollidas no artigo 2º b). Para isto, deberán solicitar a homologación provisional segundo o artigo 9 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño.

2. A través de convenios de colaboración vencellados a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional e que se consideren de interese social. Neste suposto as entidades deberán solicitar a homologación provisional segundo o artigo 9 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño.

3. Proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata.

CAPÍTULO II

DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

Artigo 15º.-*Accións formativas.*

1. O obxectivo prioritario das accións formativas reguladas nesta orde é a inserción e reinserción laboral das traballadoras e traballadores desempregados naqueles empregos que require o sistema produtivo.

2. As accións formativas estarán constituídas polas especialidades formativas e polo/os módulo/os transversais.

Artigo 16º.-*Destinatarios/as da formación:*

1. As accións formativas irán dirixidas prioritariamente aos traballadores/as desempregados/as. Para tal efecto, a consideración de desempregado virá determinada pola súa inscrición como demandante

no Servizo Público de Emprego de Galicia con data anterior á súa incorporación ao curso. Se durante o desenvolvemento dun curso algún alumno/a é contratado, poderá continuar asistindo á acción formativa sempre que haxa total compatibilidade entre o horario formativo e o laboral.

2. Terán preferencia para a participación nos cursos as persoas desempregadas de longa duración, as mulleres, especialmente aquelas que sufran violencia de xénero, persoas desempregadas con baixa cualificación, persoas discapacitadas, emigrantes retornados, persoas en risco de exclusión social e persoas desempregadas que estean nun itinerario personalizado. Para estes efectos enténdese por persoas en risco de exclusión as persoas desempregadas nas cales concorran algún dos factores ou situacións enumeradas no artigo 2 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo, sempre que tal situación a certifiquen os servizos sociais públicos correspondentes.

3. Poderán participar, así mesmo, ata un 25% de persoas traballadoras ocupadas en cada unha das accións.

4. Os traballadores ocupados que queiran participar nas accións formativas deberán solicitalo ante as entidades e centros de formación que impartan as anteditas accións.

Artigo 17º.-*Selección de alumnos/as.*

Os/as alumnos/as que asistan aos cursos de formación profesional para o emprego, tanto de programación ordinaria como con compromiso de contratación inmediata, deberán ser seleccionados a través do seguinte procedemento:

a) Con 15 días hábiles de antelación á realización da proba de selección, os centros colaboradores beneficiarios solicitaranlle directamente á oficina de emprego que corresponda, mediante o impreso normalizado establecido para o efecto, unha lista de desempregados que se adecuen ao perfil requirido para a realización de cada curso, en función dos requisitos de acceso do/a alumno/a ao curso especificados no certificado de profesionalidade ou ben no programa do curso aprobado polo Consello Xeral da Formación Profesional ou, nos proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata, no programa aprobado polo departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, de ser o caso.

b) A oficina de emprego, mediante sondaxe entre os demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego, seleccionará dúas persoas por praza vacante en cada curso e convocará, mediante carta certificada ou telegrama con xustificante de recepción, os demandantes preseleccionados para que asistan á proba de selección que deberá realizar o centro colaborador. Esta proba de selección deberá ser visada previamente pola oficina de emprego. O centro colaborador non debe predeterminar o colectivo a que vai dirixido o curso; limitarase a identificar os requisitos de acceso do alumnado.

c) Remitida a lista á entidade solicitante, esta procederá á selección dos/as alumnos/as preseleccionados.

dos mediante a realización das probas que estime pertinentes, de conformidade cos criterios predeterminados na solicitude, que deberán poñerse en coñecemento dos/as candidatos/as antes da súa realización. Tamén poderán participar nestas probas, aqueles traballadores e traballadoras ocupados que solicitasen a súa participación na acción formativa ante a entidade. Da selección levantarase a correspondente acta no modelo normalizado establecido para o efecto. Exceptúanse da realización desta proba aqueles candidatos que os servizos de orientación determinen como asinantes dun itinerario personalizado de inserción que inclúa a especialidade formativa obxecto da proba, candidatos que serán seleccionados directamente, agás en dous supostos:

-No caso dos compromisos de contratación, en que estes candidatos tamén deberán realizar a proba.

-No suposto de que entre os/as candidatos/as figuren máis de quince que os servizos de orientación determinen como asinantes dun itinerario personalizado de inserción que inclúa a especialidade formativa obxecto do curso, haberá que seleccionar os participantes do curso de entre eles, logo da realización da correspondente proba entre todos os candidatos/as.

Na realización das probas poderá estar presente un representante da Consellería de Traballo e Benestar.

A acta de selección, cuberta en todas as epígrafes do modelo normalizado, remitirase á oficina de emprego, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos criterios de acceso para os supostos de especialidades correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, e non será posible iniciar o curso ata que a antedita oficina dea o visto e prace á selección realizada.

d) Os/as demandantes propostos pola oficina de emprego só poderán ser rexeitados para a realización do curso cando concorran causas que así o determinen e sexan fidedignamente xustificadas pola entidade e neste sentido o aprecie a oficina de emprego proponente. Se se detecta o inicio dun curso sen que a selección dos/as alumnos/as fose autorizada pola oficina de emprego, este será cancelado.

e) No caso de que transcorran 15 días desde a petición de candidatos/as por parte do centro colaborador e a oficina de emprego non remitise demandantes, ou os enviados fosen insuficientes, deberase realizar a correspondente convocatoria pública mediante anuncio nun dos xornais de maior tiraxe da provincia. Estes anuncios deberán cumprir cos seguintes requisitos:

i. Todas as convocatorias públicas para a selección de alumnos que se fagan mediante anuncio en prensa deberán publicarse en domingo. Excepcionalmente, estes anuncios poderán publicarse en día distinto a domingo, logo de autorización da Dirección Xeral de Formación e Colocación ou do correspondente departamento territorial, segundo proceda.

ii. Os anuncios cubriranse en modelo normalizado, en que necesariamente deberá facerse constar o financiamento da acción por parte da Dirección

Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar e do Fondo Social Europeo, debendo figurar neles os logotipos de ambos os organismos. Especificarase claramente, como mínimo: a institución ou centro ofertante, as vacantes existentes, o curso de que se trata, o perfil requirido dos/as alumnos/as, o enderezo e teléfono do lugar de realización das probas de selección, así como a data.

iii. O custo dos anuncios que non se adapten aos requisitos establecidos nesta orde, ou a calquera outros que puidese establecer a Dirección Xeral de Formación e Colocación, non será aboado con cargo ás axudas previstas.

iv. Todos os anuncios deberán ser visados e autorizados pola oficina de emprego correspondente. Calquera excepción a esta norma deberá ser autorizada polo órgano competente en cada caso.

f) Da selección daráselle conta á oficina de emprego encargada da preselección dos/as alumnos/as.

g) Cada nova alta ou baixa de alumnos que se produza no curso deberá ser comunicada á oficina de emprego correspondente no prazo máximo de 3 días hábiles desde que se produza.

h) Aqueles alumnos que realizen un curso e teñan dereito a diploma non poderán volver realizar outro curso da mesma especialidade. No caso de detectarse esta circunstancia, deberán ser dados de baixa.

2. O número máximo de alumnos participantes en cada curso será de 15, e non poderá iniciarse a acción formativa se non se reúne un mínimo de 10 alumnos presentes o primeiro día.

No suposto de que o curso se inicie con 10 ou máis alumnos e menos de 15, deberá completarse ese número dentro do primeiro cuarto deste; no caso contrario, deduciranse do cómputo da subvención os/as alumnos/as que falten para completalo, de conformidade co disposto no artigo 7º.4. Consideraranse como número mínimo o número máis alto de alumnos asistentes acadado nos tres primeiros días do curso.

3. Se non se incorporan os/as alumnos/as seleccionados ou se producen baixas dentro do primeiro cuarto do curso, poderán substituírse por novos/as alumnos/as, sempre que a xuízo dos responsables da entidade de formación as persoas que se incorporen poidan seguir as clases con aproveitamento, unha vez superadas as probas de nivel correspondente, e non dificulten a aprendizaxe do grupo inicial. Unha vez transcorrido o primeiro cuarto, só poderán incorporarse ao curso aqueles alumnos/as que teñan pendentes unha ou varias unidades de competencia para finalizar a súa formación. A persoa responsable da súa impartición deberá comprobar, mediante as probas e/ou a xustificación documental pertinente, o nivel do/a alumno/a.

4. Nos cursos en que, malia se intentar completar o número de alumnos, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50 por 100 do número programado, agás que as baixas se produzan por colocación dos/as alumnos/as, poderán ser cancelados polo órgano competente da Consellería de

Traballo e Benestar. No caso de cancelación, a entidade terá dereito a unha indemnización, calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que será proposta pola comisión de valoración prevista no artigo 4º desta orde e aprobada pola director/a xeral de Formación e Colocación ou, de ser o caso, polo respectivo xefe/a do departamento territorial por delegación do/a conselleiro/a.

5. Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar a Dirección Xeral de Formación e Colocación a autorización para a selección directa dos/as alumnos/as, con base nas peculiaridades dos colectivos as que se dirixe a acción formativa.

Artigo 18º.-*Calidade, avaliación, seguimento e control dos cursos.*

1. As entidades deberán realizar unha avaliación e control de calidade da formación que executen. Deberán destinar a esa finalidade ata un 5% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

2. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación e os departamentos territoriais aplicarán un sistema de seguimento e control propio.

3. As entidades impartidoras deberán remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación ou ao departamento territorial correspondente, segundo proceda, xunto co resto da documentación esixida nesta orde, a folla de control de asistencia debidamente asinada polos técnicos de seguimento que visiten o curso. No caso de que non coincida a folla de control de asistencia que conste en poder dos técnicos coa remitida posteriormente polas entidades, presumirase a veracidade da primeira.

Para os cursos de novos certificados de profesionalidade remitirán a acta de avaliación cos resultados obtidos polos alumnos, indicando se adquiriron ou non as capacidades en cada módulo formativo, no prazo máximo de 3 meses, segundo o establecido no artigo 14 do R.D. 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.

Artigo 19º.-*Especialidades formativas.*

1. Os cursos serán de carácter presencial e a súa duración e horario non se poderá modificar respecto do solicitado no anexo II, salvo autorización expresa do director/a xeral de Formación e Colocación, ou xefe/a do departamento territorial, de ser o caso.

2. As especialidades formativas poderán programarse ben completas, ben por unidades de competencia no caso de especialidades incluídas polo Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal na programación modular, sempre que se complementen unha ou varias unidades de competencia. Nas especialidades formativas que dean lugar á obtención de novos certificados de profesionalidade, cando se programen todos os módulos dun certificado deberase incluír obrigatoriamente o módulo de prácticas non laborais en empresas e non se poderá impartir o módulo de prácticas profesionais non

laborais en empresas se non vai asociada a algunha das outras unidades de competencia do curso.

3. Con carácter xeral, todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de formación para o emprego deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades formativas do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado, de acordo co nivel e o grao de dificultade establecido.

4. Con carácter excepcional, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá autorizar a impartición, como proxectos experimentais ou innovadores, de especialidades formativas que non estean incluídas no ficheiro sinalado no punto anterior así como dos módulos formativos asociados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

5. O programa que se impartirá en cada curso será o previamente incluído no ficheiro de especialidades formativas do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal, salvo nos proxectos formativos con compromiso de contratación, nos cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade e nas accións formativas experimentais e innovadoras, cando sexan expresamente autorizados.

Artigo 20º.-*Módulos transversais.*

1. En cumprimento do establecido no artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade de mulleres de Galicia, impartirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas (FCOXXX01) e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas (FCOXXX05).

2. Así mesmo, será obrigatorio o Curso básico de prevención de riscos laborais nas familias profesionais AR, EL, EN, EO, FM, IM e MA que figuran na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, xunto co contido do módulo e o procedemento que deben seguir os centros para homologarse e poder impartir esta formación, sendo optativo para as restantes familias.

3. Ademais do módulo de igualdade, todas as entidades, excepto as sinaladas no parágrafo anterior, que teñan que impartir obrigatoriamente o curso básico de prevención de riscos, terán a obriga de impartir o módulo de formación complementaria que elas escollan entre os que se sinalan a continuación:

Código	Denominación	Horas
FCOXXX02	Creación de empresas	20
FCOA02	Sensibilización ambiental	9
FCOI01	Alfabetización informática: internet	10
FCOI02	Alfabetización informática: informática e Internet	25
FCOM01	Manipulador de alimentos	10
FCOO01	Inserción laboral: técnicas de busca de emprego	15
FCOA03	Medio ambiente en agricultura	25
FCOXXX03	Habilidades comunicativas en galego para o mundo laboral	20
FCOXXX04	Básico de prevención en riscos laborais	60

4. As entidades, no momento de solicitar os cursos, deberán indicar no anexo II desta orde os módulos transversais que desexan impartir.

5. A valoración económica dos módulos transversais será a mesma dos módulos do curso de formación en que se inclúan.

6. O material para a impartición dos módulos Formación para a igualdade, Creación de empresas, Habilidades comunicativas, Básico de prevención de riscos laborais e Sensibilización ambiental será facilitado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

7. Nos proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata non será obrigatoria a impartición de ningún dos módulos previstos nos parágrafos 2 e 3 deste artigo.

8 Os/as alumnos/as que, segundo conste na aplicación informática SIFO, teñan xa cursado algún módulo transversal da Dirección Xeral de Formación e Colocación, non poderán volver realizalo.

No suposto de que non figure recollida na aplicación informática SIFO a súa realización, poderán non realizalo, sempre e cando o xustifiquen documentalmente.

9 Os/as alumnos/as que acrediten documentalmente estar en posesión do diploma de técnico intermedio ou superior de riscos laborais estarán exentos da realización do módulo transversal de Prevención de riscos laborais.

10 Os/as alumnos/as que acrediten documentalmente estar en posesión dun diploma oficial que acredite formación en materia de igualdade de duración igual ou superior a 10 horas estarán exentos da realización do módulo transversal de Formación para a igualdade.

CAPÍTULO III

DAS AXUDAS DOS/AS ALUMNOS/AS

Artigo 21º.-*Axudas para os/as alumnos/as desempregados.*

1. Para ter dereito a calquera das bolsas e axudas reguladas neste artigo será requisito imprescindible que o curso teña unha duración igual ou superior a catro horas diarias e vinte semanais.

2. Terán dereito ás axudas os/as alumnos/as que teñan a condición de desempregados, inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, na data de inicio do curso. No suposto de que a situación de desemprego teña lugar con posterioridade ao inicio do curso, terán dereito a percibir as axudas a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que teña lugar esta situación.

3. O prazo para a solicitude de bolsas será de dez días naturais desde a incorporación do/a alumno/a á acción formativa ou desde que teña lugar a nova situación que dea dereito a ela. A non formalización

en tempo e forma desta solicitude dará lugar á perda do dereito á axuda.

4. As axudas reguladas neste artigo son todas compatibles entre si, agás a de transporte público coa de transporte privado e a de transporte privado con aloxamento e manutención.

5. Os/as alumnos/as terán dereito a percibir as seguintes bolsas e axudas:

5.1. Poderán percibir unha bolsa consistente no 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia, os/as alumnos/as con discapacidade e aqueles demandantes que participen nunha acción formativa vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade incluídas no seu itinerario de inserción, sempre que non se negasen a participar en actividades contempladas no seu IPI, segundo certificación da oficina de emprego

Só poderá cobrarse unha axuda por este concepto, con independencia de que o/a alumno/a pertenza aos dous colectivos.

No suposto de que o recoñecemento da discapacidade teña lugar con posterioridade ao inicio da acción formativa, terán dereito a percibir a axuda a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que teña lugar este recoñecemento, tendo que realizar a solicitude da axuda no prazo de dez días naturais desde que ese recoñecemento tivo lugar.

Para ter dereito a esta bolsa, os/as alumnos/as deberán acreditar documentalmente que carecen de rendas de calquera clase superiores ao 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75% do IPREM.

Entenderase por unidade familiar: en caso de matrimonio, o pai, a nai e os fillos menores de 18 anos, con excepción dos que con consentimento dos seus pais vivan independentes deles, ou os maiores incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada. En defecto de matrimonio ou en supostos de separación legal, o pai ou nai e a totalidade dos fillos que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos sinalados no parágrafo anterior. Deberá achegarse certificado de convivencia ou, no seu defecto, de empadramento e copia do libro de familia. Para os estranxeiros que non teñan libro de familia, calquera documentación que acredite de forma suficiente o parentesco.

As rendas calcularanse tendo en conta o seguinte:

Para os traballadores por conta allea:

-Tomaranse os ingresos brutos do mes anterior ao inicio do curso ou do mes anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso.

-As pagas extraordinarias ratearanse mensualmente.

-As horas extraordinarias correspondentes a ese mes computaranse na súa totalidade.

-As axudas de custo non se terán en conta (agás naqueles casos en que o seu volume e periodicidade mostren que se trate dunha forma habitual de pagamento dunha parte do salario).

Para os autónomos:

-Tomaranse os ingresos netos do trimestre anterior ao inicio do curso ou do mes anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso.

-Raterase o importe mensualmente, para obter as rendas mensuais.

Para estes efectos, computarase como renda o importe dos salarios sociais, as rendas mínimas de inserción ou as axudas análogas de asistencia social concedidas pola Comunidade Autónoma, así como o importe das prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal.

5.2. Axudas de transporte, manutención e aloxamento:

a) Axuda de transporte: 7 € por alumno/día de asistencia para aqueles alumnos/as que utilicen a rede de transportes públicos para asistir á formación.

b) No caso de que a distancia entre o domicilio do alumno/a, considerado este o que figure como domicilio de intermediación na súa demanda de emprego, e o lugar de impartición dos cursos sexa como mínimo de 50 quilómetros, e sempre que a especialidade formativa se imparta nun centro propio da Consellería de Traballo e Benestar ou sexa algunha das recollidas no parágrafo seguinte, os/as alumnos/as/as, cando non exista medio de transporte público entre o seu domicilio e o do centro ou este transporte non teña un horario regular que permita compatibilizalo co da acción formativa, poderán ter dereito á axuda en concepto de transporte en vehículo propio, logo da autorización do/a directora/a xeral de Formación e Colocación ou do/a correspondente xefe/a do departamento territorial. En casos excepcionais, debido a problemas das comunicacións, circunstancia que deberá ser previamente valorada e autorizada polo órgano competente en cada caso, poderá concederse esta axuda aínda que a distancia sexa inferior. A axuda de transporte en vehículo propio terá unha contía máxima por día de asistencia de 0,10 euros por quilómetro.

Esta axuda será incompatible coa de aloxamento e manutención e coa de transporte regulada no parágrafo anterior.

c) Axuda de aloxamento e manutención cando a distancia entre o seu domicilio, considerado este o que figure como domicilio de intermediación na súa demanda de emprego, e o lugar de impartición sexa,

como mínimo, de 50 quilómetros. En casos excepcionais, debido a problemas das comunicacións, circunstancia que deberá ser previamente valorada e autorizada polo órgano competente en cada caso, poderá concederse esta axuda aínda que a distancia sexa inferior.

Ademais da duración do curso e da distancia, para percibir a axuda de aloxamento e manutención deberán cumprirse os seguintes requisitos:

-Que a asistencia ao curso implique que o/a alumno/a deba aloxarse no lugar de impartición. O gasto real de aloxamento xustificárase por medio do contrato de arrendamento ou factura de hospedaxe.

-Que a especialidade formativa se imparta nos centros pertencentes á Consellería de Traballo e Benestar ou que sexa algunha das relacionadas a continuación:

-AGAX0108 Actividades auxiliares en gandaría.

-AGAX0208 Actividades auxiliares en agricultura.

-ELEE0108. Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas.

-ELEL13. Instalacións de enerxías renovables en edificios.

-ELES0108. Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios.

-ENAE0108 Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas.

-ENAE0208 Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas.

-FMEE0108 Operacións auxiliares de fabricación mecánica.

-FMEE0208 Montaxe e posta en marcha de bens de equipamento e maquinaria industrial.

-FMEM60 Preparador-programador de máquinas ferramentas con CNC.

-HOTI0108 Promoción turística local e información ao visitante.

-IEXD0308 Operacións auxiliares en plantas de elaboración de pedra natural e de tratamento e beneficio de minerais e rochas.

-INAQ0108 Operacións auxiliares de mantemento e transporte interno da industria alimentaria.

-MAMR0308 Mecanizado de madeira e derivados.

-SSCM0108 Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais.

-Todas aquelas outras especialidades formativas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación, en atención a súa especificidade, considere necesarias para os obxectivos de política de emprego.

A axuda de aloxamento e manutención aboarase por mes natural, e a súa contía será o importe do indicador público de renda de efectos múltiples

(IPREM) fixado para o ano 2010, rateándose a parte correspondente aos meses de inicio e finalización cando non sexan completos.

5.3. Axudas á conciliación: as axudas previstas neste parágrafo teñen por obxecto permitir ás persoas desempregadas conciliar a súa asistencia á formación co coidado de fillos menores de 6 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao, sempre que ao inicio da acción formativa ou no momento en que teña lugar o feito causante que dea dereito á axuda cumpran os requisitos seguintes:

-Non ter rexeitado ofertas de traballo axeitadas nin terse negado a participar en actividades de promoción, formación ou reconversión profesional nos tres meses anteriores ao inicio da acción formativa.

-Acreditar documentalmente que se carece de rendas de calquera clase superiores ao 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75% do IPREM.

Para os efectos de determinar a unidade familiar e para o cómputo de rendas, terase en conta o disposto no punto 5.1 deste artigo.

No suposto de que o suxeito causante da axuda sexa un familiar ata segundo grao, este entenderase incluído na unidade familiar para o cómputo de rendas.

No suposto de que o fillo naza ou se acredite a dependencia con posterioridade ao inicio da acción formativa, terán dereito a percibir a axuda a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que teña lugar o feito causante, tendo que realizar a solicitude da axuda no prazo de dez días naturais desde que ese feito tivo lugar.

No suposto de desaparición do feito causante, perderán o dereito á percepción da axuda a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que esta teña lugar.

A dependencia acreditarase a través de certificado da dependencia emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou por resolución xudicial.

A contía da axuda á conciliación será do 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia.

Artigo 22º.-*Dereitos e deberes dos/as alumnos/as.*

1. A formación será gratuíta para todos os/as alumnos/as das accións formativas derivadas desta orde.

2. Dentro da programación de formación profesional para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar, os/as alumnos/as que resulten seleccionados para un curso non poderán asistir en ningún caso a outro simultaneamente. Tampouco poderán causar baixa nun curso para acceder a outro, salvo autorización expresa do director/a xeral de Forma-

ción e Colocación ou do respectivo/a xefe/a do departamento territorial, por causas excepcionais debidamente xustificadas.

3. Terán a obriga de asistir e de seguir con aproveitamento os cursos e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade impartidora, segundo o artigo 6º, dentro dos 10 primeiros días lectivos.

4. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, terán a obriga de presentar copia da documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. De ser o caso, tamén deberán presentar a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.

5. Será causa de exclusión incorrer en máis de dúas faltas de asistencia non xustificadas nun mes ou non seguir o curso con aproveitamento segundo criterio do seu responsable.

A xustificación das faltas deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo da non asistencia. Os/as alumnos/as disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar no centro colaborador os xustificantes das súas faltas de asistencia. Unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, a falta será considerada como sen xustificar. As faltas de asistencia por actividade laboral, cun máximo de cinco ao mes, xustificaranse cunha copia do contrato de traballo.

Mediante resolución do/a director/a xeral de Formación e Colocación ou do xefe/a do departamento territorial correspondente, segundo proceda, os/as alumnos/as, logo de audiencia, poderán ser excluídos das accións formativas, por petición das entidades de formación, cando non sigan con suficiente aproveitamento a acción formativa ou dificulten o seu normal desenvolvemento. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada.

6. Os/as alumnos/as deberán acudir á súa oficina de emprego, unha vez rematado o curso, para cancelar a suspensión da demanda.

7. Os/as alumnos/as deberán comunicar calquera cambio que afecte as circunstancias que deron lugar ao recoñecemento das distintas axudas reguladas no artigo 21º.

Artigo 23º.-*Diplomas.*

1. Cursos non modulados.

Os/as alumnos/as que rematen os cursos con aproveitamento, sempre que asistisen como mínimo ao 75% da especialidade formativa, recibirán un diploma oficial, no modelo que se elaborará na Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os/as alumnos/as que causen baixa no curso por colocación,

cando o docente coide que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel do curso e asistisen, como mínimo, ao 75% das horas lectivas.

2. Cursos modulados.

Os/as alumnos/as que rematen con aproveitamento unha ou varias unidades de competencia dun curso, independentemente de que se programase a especialidade completa ou modularmente, e sempre que asistan como mínimo ao 75% das súas horas lectivas, recibirán un diploma oficial acreditativo desta circunstancia, que será elaborado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os/as alumnos/as que causen baixa no curso por colocación, cando o docente coide que teñen os coñecementos e capacidades correspondentes ao nivel de cada unidade de competencia e asistisen, como mínimo, ao 75% das horas lectivas. No caso dos novos certificados de profesionalidade tamén terán que ter superado coa calificación de apto a avaliación continuada da unidade de competencia realizada polo docente.

3. Nos dous casos anteriores, os/as alumnos/as que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e módulos aos cales asistisen.

4 Dentro do programa do curso, que debe figurar na parte posterior do diploma, figurará separadamente do resto do programa a realización do módulo Formación para a igualdade e os módulos de formación complementaria elixidos pola entidade en cada curso, así como a súa duración e horas, no caso de que o/a alumno/a teña a obriga de facer estes módulos.

CAPÍTULO IV

DAS PRÁCTICAS NON LABORAIS

Artigo 24º.-*Prácticas en empresas.*

No curso de formación profesional para o emprego poderán desenvolverse dous tipos de prácticas en empresas: as que están incluídas no programa formativo do curso e aquelas que teñen lugar a maiores das súas horas lectivas.

A. Prácticas incluídas no programa formativo do curso.

1. Esta modalidade poderá desenvolverse, de acordo cos requisitos do programa e respectando a súa duración, en empresas ou en entidades públicas. Poderanse realizar en calquera especialidade e a súa externalización terá carácter voluntario para os centros impartidores e obrigatorio para os/as alumnos/as, no caso de que o centro opte pola súa realización. Os gastos que deriven da súa realización deberán imputarse ao orzamento do curso en que están incluídas.

O procedemento que se seguirá para a súa xestión é o seguinte:

Con dez días hábiles de antelación á data prevista para a realización das prácticas, o centro impartidor presentará a correspondente comunicación ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar e/ou á Dirección Xeral de Formación e Colocación, debendo xuntar a seguinte documentación:

-Convenio asinado entre o centro impartidor e á/s empresa/s ou organismo público onde se realizarán ou, no seu defecto, documento acreditativo do responsable da empresa ou organismo público en que se faga constar a súa autorización para realizalas.

-Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación.

-Datos, lugar de realización, horario e duración.

-Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes dos/as alumnos/as que cubra os riscos do curso. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerse estritamente durante o período de duración das prácticas.

-Documento que acredite a contratación por parte da entidade impartidora dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas en empresas.

-Licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, no seu defecto, declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas no caso de empresas, ou calquera outro documento acreditativo da idoneidade dos locais para a realización das prácticas, no caso de centros públicos.

-Xustificación de que a empresa en que se realizarán as prácticas cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.

2. As empresas onde teñan lugar as prácticas deberán reunir os requisitos establecidos no programa da especialidade da que se van realizar as prácticas.

3. Os centros deberán imputar os gastos por este concepto como custos directos.

4. Os/as alumnos/as terán dereito exclusivamente á percepción das axudas ou bolsas que, de ser o caso, lles correspondan.

5. A duración das prácticas non pode exceder en ningún caso da duración da parte práctica que se fixa no programa formativo, e non poderán rematar con posterioridade á finalización do curso.

6. A impartición do módulo de prácticas profesionais non laborais correspondentes aos novos certificados de profesionalidade axustarase aos requisitos antes mencionados e ao estipulado no real decreto regulador de cada certificado de profesionalidade.

B. Prácticas a maiores das horas lectivas do curso.

Poderán realizarse en calquera especialidade e terán carácter voluntario tanto para os centros impartidores como para os/as alumnos/as.

Terán que ter unha duración mínima do 5% e máxima do 20% das horas totais da especialidade formativa, cun máximo de 180 horas.

No caso de realización, os centros interesados deberán facer constar esta circunstancia na solicitude de programación de cursos, segundo o anexo V, e será valorada polas correspondentes comisións de valoración na baremación dos expedientes dos cursos.

Deberán ter unha duración mínima de catro horas diarias, salvo que se compatibilicen, segundo o disposto no punto 3 deste punto, coa impartición do curso. Neste suposto a duración máxima será de tres horas diarias.

O procedemento que se seguirá para a súa xestión é o seguinte:

1. O centro impartidor deberá presentar, con dez días hábiles de antelación á data prevista para a realización das prácticas, unha comunicación ao órgano competente da Consellería de Traballo e Benestar, debendo xuntar a seguinte documentación:

-Convenio asinado entre o centro impartidor e a/s empresa/s ou organismo público onde se realizarán ou, no seu defecto, documento acreditativo do responsable da empresa ou organismo público en que se faga constar a súa autorización para realizalas.

-Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación.

-Datos, lugar de realización, horario e duración.

-Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes dos/as alumnos/as que cubra os riscos do curso. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerese estritamente durante o período de duración das prácticas.

-Documento que acredite a contratación por parte da entidade impartidora dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas en empresas.

-Licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, no seu defecto, declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas no caso de empresas, ou calquera outro documento acreditativo da idoneidade dos locais para a realización das prácticas, no caso de centros públicos.

-Xustificación de que a empresa en que se realizarán as prácticas cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.

2. Durante o período das prácticas os/as alumnos/as terán dereito á percepción das mesmas axu-

das que percibirán durante a formación teórica, sempre que manteñan as condicións que deron dereito a elas. Só se terá dereito á percepción das axudas por este concepto cando se realicen un mínimo de catro horas diarias de prácticas.

3. As prácticas terán lugar unha vez finalizado o curso. Deberán iniciarse antes do transcurso dun mes desde a finalización do curso, e deberán estar rematadas, en todo caso, antes do 30 de novembro de 2010. Non obstante, permitirase a compatibilidade destas prácticas coa impartición do curso cando se dean as dúas circunstancias seguintes: que a data de remate do curso teña lugar a partir do 1 de outubro e que estea realizada polo menos a metade das horas lectivas do curso.

C. Disposicións comúns ás dúas modalidades de prácticas.

1. Antes do comezo das prácticas a entidade beneficiaria da subvención porá en coñecemento da Inspección de Traballo unha relación dos/as alumnos/as que van realizar as prácticas, e o/s nome/s da/s empresa/as en que realizarán as prácticas, localidades, datas e horario de realización.

2. As empresas en que se realicen as prácticas comunicarán aos representantes legais dos traballadores na empresa unha relación dos/as alumnos/as que van realizar as prácticas, as datas e horario de realización.

3. As prácticas que realicen os/as alumnos/as de formación profesional para o emprego non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre os/as alumnos/as e as empresas ou organismos da Administración.

4. Unha vez comunicadas as prácticas, as entidades deberán comunicar ao órgano competente calquera incidencia que se produza no seu desenvolvemento.

CAPÍTULO V

DOS PROXECTOS FORMATIVOS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN INMEDIATA

Artigo 25º.-*Proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata.*

1. As subvencións para xestionar as accións formativas recollidas neste capítulo outorgaranse en réxime de concesión directa, de acordo co previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbito do emprego e da formación profesional ocupacional.

2. A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcial ou totalmente, por unha soa vez e nos termos recollidos na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, a realización da actividade formativa, previa autorización da Dirección Xeral de Formación e Colocación. A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

3. A impartición dos proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata previstos no artigo 14º.3 regularase polo establecido nesta orde, tendo en conta as peculiaridades recollidas nos artigos seguintes.

Artigo 26º.-Requisitos.

1. As entidades solicitantes deberán ser empresas, as súas asociacións ou outras entidades que se comprometan a contratar polo menos o 60% dos/as alumnos/as que inicien o curso, por un período mínimo inicial de seis meses a xornada completa, ou tempo equivalente no caso de que a contratación non sexa a xornada completa. Neste último caso non se admitirán contratos inferiores ás catro horas diarias.

No compromiso de contratación deberá figurar a categoría profesional e a localidade onde se vai contratar os/as alumnos/as.

No momento da selección deberá informase os/as alumnos/as destes extremos.

2. Só poderán acudir a este procedemento aquelas empresas que non reduciñen o número total de traballadores, nin o número total de traballadores con contrato indefinido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude do curso, agás que se trate de empresas que tiveran un expediente de regulación de emprego nese período; ou que supoña a recuperación do nivel de emprego dos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude do curso e a contratación indefinida do 20% dos/as alumnos/as que inicien o curso; ou que o compromiso de contratación sexa superior ao 90%. Así mesmo deberán xustificar que non reduciñen o número de traballadores con contrato indefinido nin o número total de traballadores da empresa durante a realización do curso.

3. A maiores da acreditación dos requisitos formais exixidos para o compromiso de contratación inmediata nesta orde e no resto da normativa aplicable, o órgano competente da Consellería de Traballo e Benestar poderá facer as indagacións e comprobacións necesarias e solicitar da entidade solicitante ou dos organismos públicos competentes a documentación que considere axeitada para garantir a viabilidade do proxecto formativo, sinaladamente o grao de cumprimento de contratación e mantemento do emprego en proxectos formativos impartidos anteriormente, de ser o caso; balances da empresa; documentación de Seguridade Social etc. Esta documentación e informes, xunto co resto da documentación exixida, servirán para valorar a concesión do proxecto formativo á entidade solicitante.

Artigo 27º.-Lugar de impartición.

No caso de que a entidade careza de instalacións axeitadas para a impartición do proxecto formativo, poderá autorizarse a súa impartición nas instalacións dun centro inscrito no Censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional, ou en calquera outro centro, que deberá homologarse previamente con carácter provisional, de acordo cos

requisitos e tramitación regulados no Decreto 158/2001, do 29 de xuño. Os centros impartidores deberán estar en posesión da licenza municipal de apertura da actividade de que se trate. No seu defecto, este documento poderá ser substituído por unha declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición.

Se os cursos teñen lugar en espazos cedidos por outras entidades, a licenza de apertura poderá ser substituída por algún dos documentos seguintes:

a) Centros de titularidade municipal: certificación do secretario municipal en que se acredite que os lugares de impartición dos cursos son aptos para esta finalidade.

b) Entidades públicas (centros de formación, centros sanitarios etc.): calquera outro documento que acredite a súa idoneidade para impartir formación.

En calquera dos casos, esta circunstancia deberá acreditarse tanto nos locais onde se imparta a parte teórica como a práctica.

Artigo 28º.-Obrigas.

A acreditación de estar ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia deberán facela por todas as empresas que participen no proxecto. Así mesmo, as empresas vinculadas a unha mesma dirección deberán achegar a documentación relativa ás súas diferentes razóns sociais.

Artigo 29º.-Pagamento.

Para o aboamento de anticipos de ata o 80% da subvención concedida, as entidades impartidoras deberán achegar, en todo caso, xunto co resto da documentación exixida no artigo 11º, garantía a favor da Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

Artigo 30º.-Contratos de traballo.

1. A contratación realizarase dentro do exercicio orzamentario de 2010.

2. Non se aboará a liquidación final mentres a empresa non remita as copias dos contratos de traballo rexistrados que supoñan unha relación indefinida ou temporal de seis meses como mínimo, e acredite que se mantén a ratio desde a data da solicitude entre traballadores/as, con contrato indefinido e sen contrato indefinido.

3. Se algún traballador/a contratado a través do proxecto formativo causa baixa antes dos seis primeiros meses de contrato, a entidade terá a obriga de comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Formación e Colocación no prazo de sete días desde que se produza. No comunicado deberá

incluírse toda a documentación acreditativa relativa á baixa producida e a Dirección Xeral de Formación e Colocación resolverá, en virtude das circunstancias, se procede o reintegro da subvención.

Artigo 31º.-Remate dos proxectos formativos.

A data límite para a finalización e xustificación dos cursos será o 30 de novembro de 2010. Excepcionalmente, por causas xustificadas, e sempre logo de autorización do órgano competente, os proxectos formativos poderán rematar con posterioridade a esa data, en todo caso dentro do ano 2010.

Artigo 32º.-Solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de xuño de 2010.

2. A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

a) Anexos I, II e III que figuran nesta orde de convocatoria debidamente cubertos.

b) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.

c) Código de identificación fiscal (CIF) ou número de identificación fiscal (NIF).

d) Estatutos ou normas debidamente legalizadas polas que se rexe a entidade.

e) Xustificante da propiedade, arrendamento ou título lexítimo que habilite para a utilización de inmobles e instalacións correspondentes, equipamento didáctico, talleres ou campos de práctica.

f) Licenza municipal de apertura da actividade que se trate ou, no seu defecto, declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se vai desenvolver tanto a parte teórica como a práctica.

g) Compromiso de contratación asinado polo/s representante/s da/s empresa/s vinculada/s inicialmente no proxecto presentado.

h) Declaración responsable de non estar incurso en supostos de prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións.

i) Acreditación documental de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

l) Para todas as especialidades, relación detallada de dotacións e equipamentos, medios materiais que se van utilizar no seu desenvolvemento e unha descrición das aulas e talleres indicando metros cadrados, condicións de luminosidade, de seguridade etc., xuntando planos.

m) Cando as especialidades formativas solicitadas non estean incluídas no ficheiro de especialidades formativas, as entidades solicitantes deberán achegar un programa formativo elaborado pola propia entidade co seguinte esquema:

-Denominación do curso.

-Duración total do curso e de cada un dos seus módulos.

-Descrición dos módulos.

-Medios, materiais e maquinaria de que dispoñen.

-Requisitos dos docentes.

-Valoración económica.

-Importe da subvención económica solicitada en función do número de alumnos/as para os que se solicita o proxecto formativo.

-Os programas deberán ser remitidos inescusablemente en soporte informático, e virán redactados polo menos en lingua castelá, para o seu posterior envío ao Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal, para a súa aprobación previa ao inicio da acción formativa.

n) Cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a novos certificados de profesionalidade, as entidades deberán, ademais, achegar a seguinte documentación:

-Programa formativo elaborado pola propia entidade, tomando como base para a súa elaboración o contido do correspondente certificado de profesionalidade e segundo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego.

-Convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais incluída no certificado de profesionalidade, se é o caso.

o) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas para a mesma acción formativa das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

3. A xustificación do cumprimento do compromiso de contratación inmediata realizarase no momento en que se proceda á xustificación final dos custos do curso mediante a presentación dos correspondentes contratos laborais visados polo Servizo Público de Emprego.

4. O cumprimento do requisito de non redución do número total de traballadores da empresa, nin do número total de traballadores con contrato indefinido, acreditarase do seguinte xeito:

a) No momento da solicitude da acción formativa presentárase o anexo III debidamente cuberto, en que figurará o número de traballadores/as da empresa, tanto con contrato indefinido como totais, dos 13 meses inmediatamente anteriores á data da solicitude do curso.

b) Cando se presente a solicitude de liquidación final do curso, achegaranse os documentos TC-2 dos trece meses anteriores ao inicio do curso e o do mes en que consten os/as alumnos/as da acción formativa contratados en virtude do compromiso adquirido.

c) No caso de empresas que non tivesen traballadores nos trece meses anteriores, por ser de nova creación ou por crearse durante ese período, presentarán os TC-2 dos meses dos cales teñan eses documentos ou, no seu defecto, xustificante da data de creación da empresa.

Artigo 33º.-Número de alumnos/as.

O número de alumnos/as participantes nos cursos poderá variar entre un mínimo de 10 e un máximo de 20, aínda que a subvención máxima será a considerada para 15 alumnos/as.

Artigo 34º.-Gastos de amortización.

As empresas ou grupos de empresas que impartan proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata non poderán recoller como custo aboable gastos de amortización.

Artigo 35º.-Resolución.

A resolución, que lle corresponderá ditar, en todo caso, ao/a director/a xeral de Formación e Colocación, deberá producirse no prazo de tres meses desde que a solicitude do interesado, teña entrada no rexistro correspondente. Transcorrido o citado prazo sen que se ditase resolución expresa, esta entenderase desestimatoria.

Artigo 36º.-Comezo anticipado.

Poderán financiarse con cargo ás axudas e subvencións reguladas nesta orde os proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata, aínda que as accións formativas se inicien, por razóns excepcionais debidamente acreditadas e xustificadas pola entidade solicitante, antes de que se dite a correspondente resolución de concesión, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a solicitude fose presentada con anterioridade ao inicio das accións.
- b) Que as accións formativas se inicien e rematen dentro do ano 2010.
- c) Que se cumpran todos os requisitos formais e de procedemento, aínda que sexa a posteriori, previstos nesta orde.
- d) Que a entidade solicite autorización de inicio á Dirección Xeral de Formación e Colocación, expoñendo as razóns excepcionais polas cales pretenden comezar anticipadamente. No caso de autorización, a empresa deberá comunicar o inicio do proxecto formativo ao departamento territorial correspondente con cinco días de antelación ao seu comezo.

Disposicións adicionais

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos programas 12.05.323A.440.0, 12.05.323A.444.0, 12.05.323A.460.1, 12.05.323A.471.0, 12.05.323A.481.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2010.

Segunda.-Non se autorizarán cambios de titularidade de centros no tempo que transcorra entre o inicio dun curso e o seu remate.

Terceira.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Cuarta.-Poderán ditarse resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renunciadas de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado, ou doutros remanentes dos módulos. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes nin outras homologacións distintas ás tidas en conta para a resolución inicial.

Quinta.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar no director/a xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento das subvencións reguladas nesta orde, así como para resolver a concesión, denegación, modificación, reintegro ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde, e nos xefes/as dos departamentos territoriais provinciais da Consellería de Traballo e Benestar, no ámbito das súas respectivas competencias, para resolver a concesión, denegación, modificación, reintegro, ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde.

Sexta.-En todo o non disposto nesta orde será de aplicación o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, así como a súa normativa de desenvolvemento e, de ser o caso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o resto da normativa que lle sexa de aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o/a director/a xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA
O FSE inviste no teu futuro



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE PARA A PROGRAMACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR301K	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-I)
---	---	--------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO POSTAL	PROVINCIA	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
VÍA DE PROGRAMACIÓN (ARTIGO 10º)		Nº CENSO	

Don/Dona _____, con documento nacional de identidade número _____, como representante legal da entidade citada

EXPÓN: que de acordo coa orde da Consellería de Traballo e Benestar que regula estas axudas, desexa realizar as accións de formación para o emprego que se relacionan a continuación por orde de preferencia:

ESPECIALIDADE FORMATIVA

CÓDIGO ⁽¹⁾

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

⁽¹⁾ Da especialidade completa e, se é o caso, da/s unidade/s de competencia solicitada/s

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Dirección Xeral de Formación e Colocación. Edificio admntvo. San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela

Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR

ANEXO I (continuación)

UNIÓN EUROPEA
O FSE inviste no teu futuro



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE PARA A PROGRAMACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR301K	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-1)
---	---	--------------------------------------

DECLARA:

QUE A ESTA SOLICITUDE SE LLE XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ASINAR A SOLICITUDE.
- COPIA COMPULSADA DO CIF/NIF DA ENTIDADE.
- FICHA DE CURSO POR CADA UNHA DAS ESPECIALIDADES SOLICITADAS.
- SE É O CASO, COMPROMISO DE CONTRATACIÓN INMEDIATA.
- PROGRAMA COMPLETO DE CURSO E RELACIÓN DE DOTACIÓNS, EQUIPAMENTOS E MEDIOS MATERIAIS QUE SE VAN UTILIZAR (SÓ CANDO AS ESPECIALIDADES SOLICITADAS NON ESTEAN INCLUÍDAS NO FICHEIRO DE ESPECIALIDADES).
- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA ACCIÓN FORMATIVA, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN SUPOSTOS DE PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓNS.
- ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBIDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

QUE ACEPTA AS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

QUE ACEPTA A INTRODUCIÓN NO PROXECTO DAS MODIFICACIÓNS QUE SEXAN NECESARIAS PARA ADAPTALO AOS OBTXECTIVOS FIXADOS POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E SE COMPROMETE A DESENVOLVER AS ACCIÓNS FORMATIVAS NOS MESMOS TERMOS EN QUE FOSEN APROBADAS.

_____, de _____ de _____

(sinatura e selo)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR

ANEXO II

UNIÓN EUROPEA
O FSE inviste no teu futuro



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE PARA A PROGRAMACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR301K	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-2)
---	---	--------------------------------------

**FICHA DE CURSO DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CURSO**

ESPECIALIDADE FORMATIVA		CÓDIGO (1)	
NÚMERO DE CURSO		COLECTIVO PREFERENTE QUE SE FORMARÁ	
COMARCA	MÓDULO	U.C.	
CENTRO DE IMPARTICIÓN			Nº DE CENSO
ENDEREZO	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	
CONCELLO	OFICINA DE EMPREGO A QUE PERTENCE O LUGAR DE IMPARTICIÓN		
DURACIÓN DO CURSO			
MES INICIO	HORAS PRÁCTICAS	HORAS TOTAIS	HORARIO PREVISTO
TOTAL DÍAS LECTIVOS			
MÓDULOS TRANSVERSAIS indicar que módulo transversal dos incluídos no artigo 20º van impartir neste curso			
CÓDIGO	DENOMINACIÓN		
COMPROMISO DE CONTRATACIÓN:			
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		EN CASO AFIRMATIVO INDICAR NÚMERO DE ALUMNOS:	

(1) Da especialidade completa e, se é o caso, da/s unidade/s de competencia solicitada/s

NOTA: non escribir nos espazos sombreados.

PERSOA DE CONTACTO RESPONSABLE DO CURSO

APELIDOS		NOME	
CARGO			NIF
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

ANEXO III

EXPEDIENTE

PROXECTOS FORMATIVOS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN INMEDIATA

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

CADRO DE PERSOAL NOS 13 MESES INMEDIATAMENTE ANTERIORES Á SOLICITUDE DO PROXECTO FORMATIVO

MESES	ANO	NÚMERO DE TRABALLADORES CON CONTRATO INDEFINIDO ⁽¹⁾	NÚMERO TOTAL DE TRABALLADORES DA EMPRESA ⁽²⁾
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			

⁽¹⁾ Deberán incluírse os traballadores con contrato indefinido polos cales se cotizou no correspondente mes respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia.

⁽²⁾ Deberán incluírse todos os traballadores, independentemente do seu tipo de contrato, polos cales se cotizou no correspondente mes respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia.

A persoa que asina, no seu nome e en nome da entidade que representa, declara que os datos consignados son certos e responden á evolución do cadro de persoal nos trece meses anteriores á solicitude do proxecto formativo con compromiso de contratación inmediata.

, de de

(Nome, apelidos e sinatura do representante da empresa e selo da empresa)

Asdo.:

ANEXO IV
A Coruña

A Barcala: Baña (A) e Negreira

Código	Descrición	Centro homol.
COMV0108	Actividades de venda	Non
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non

Código	Descrición	Centro homol.
IFCX02	Iniciación á rede internet	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
TMVC31	Condutor de vehículos clases C1-C	Si
TMVC32	Condutor de camións de remolque clase E	Si

A Coruña: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Coruña (A), Culleredo, Oleiros e Sada

Código	Descrición	Centro homol.
ADGA10	Empregado de oficina	Si
ADGC02	Aplicacións informáticas de xestión	Si
ADGF01	Inglés financeiro	Si
ADGF40	Técnico de operativa interna en oficinas financeiras	Si
ADGF50	Xestor comercial de servizos financeiros	Si
ADGF60	Empregado de xestión financeira de empresa	Si
ADGG0208	Actividades administrativas na relación co cliente	Non
ADGI10	Telefonista/recepcionista de oficina	Si
ADGI21	Secretariado de dirección	Si
ADGN0108	Financiamento de empresas	Non
ADGX04	Experto en xestión de salarios e seguros sociais	Si
ARGD10	Técnico auxiliar en deseño gráfico	Si
ARGD30	Técnico auxiliar en deseño industrial	Si
ARGD40	Técnico auxiliar en deseño de interiores	Si
COMV0108	Actividades de venda	Non
ELEA10	Electricista industrial	Si
ELEC20	Montador de dispositivos e cadros electrónicos	Si
ELEE0108	Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas	Non
ELEL13	Instalacións de enerxías renovables en edificios	Si
ELES0108	Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
ENAE0308	Organización e proxectos de instalacións solares térmicas	Non
ENAE0408	Xestión da montaxe e mantemento de parques eólicos	Non
ENAE30	Técnico de sistemas de enerxías renovables	Si
EOCL50	Escaiolista	Si
EOCM82	Operador de guindastre torre	Si
FMEL50	Soldador de estruturas metálicas lixeiras	Si
HOTG20	Guía de ruta	Si
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Si
HOTR0308	Operacións básicas de catering	Non
HOTR0408	Cociña	Si
HOTR50	Xefe de sala/maître	Si
HOTR60	Sumiller	Si
IFCI10	Programador de aplicacións informáticas	Si
IFCI13	Programador de sistemas	Si
IFCI17	Técnico en software ofimático	Si
IFCI3004	Programador de aplicacións orientadas a obxectos	Si
IFCT0108	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos	Non
IFCX02	Iniciación á rede internet	Si
IFCX0304	Deseñador web e multimedia	Si
IMAN14	Mecánico de mantemento hidráulico	Si
IMAN15	Mecánico de mantemento pneumático	Si
IMAR0108	Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas	Non
IMPP0208	Servizos estéticos de hixiene, depilación e maquillaxe	Non
IMPP0308	Hidrotermal	Non
IMPP10	Perruqueiro	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Si
SEAS10	Vixilante de seguridade privada	Si
SSCD10	Empregada de fogar	Non
SSCF10	Formador ocupacional	Si
SSCF11	Metodoloxía para a formación aberta e a distancia	Si
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Si
SSCS0108	Atención socio sanitaria a persoas no domicilio	Si
SSCS0208	Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Si
SSCS10	Monitor sociocultural	Si
TCPF10	Patronista escalador	Si
TMVC31	Conductor de vehículos clases c1-c	Si
TMVE30	Mecánico de motores e equipamentos de inxección	Si
TMVE40	Electricista/electrónico de vehículos	Si
TMVE50	Técnico de diagnose de vehículos	Si
TMVH10	Chapista pintor de vehículos	Si

Arzúa: Arzúa, Boimorto, Pino (O) e Touro

Código	Descrición	Centro homol.
AGAR0108	Aproveitamentos forestais	Non
AGAX0108	Actividades auxiliares en gandaría	Non
AGAX0208	Actividades auxiliares en agricultura	Non
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención socio sanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non

Barbanza: Boiro, Pobra do Caramiñal (A), Rianxo e Ribeira

Código	Descrición	Centro homol.
ADGC02	Aplicacións informáticas de xestión	Si
ADGG0208	Actividades administrativas na relación co cliente	Non
AGA00108	Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría	Non
COMV20	Axente comercial	Si
ENAE0108	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
IFCX0304	Deseñador web e multimedia	Si
IMPP10	Perruqueiro	Si
INAQ0108	Operacións auxiliares de mantemento e transporte interno na industria alimentaria	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención socio sanitaria a persoas no domicilio	Si
SSCS0208	Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
SSCS10	Monitor sociocultural	Si
SSCS20	Monitor de educación ambiental	Non
TCPF30	Maquinista de confección industrial	Si

Bergantiños: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, Laracha (A), Malpica de Bergantiños e Pontecesos

Código	Descrición	Centro homol.
ADGA10	Empregado de oficina	Si
ARTC10	Oleiro-ceramista	Si
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
HOTA0308	Recepción en aloxamentos	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SEAL10	Axudante técnico de prevención de incendios no medio rural	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención socio sanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
TMVH10	Chapista pintor de vehículos	Si

Betanzos: Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Vilasantar e Vilarmaior

Código	Descrición	Centro homol.
ADGA10	Empregado de oficina	Si
ADGI21	Secretariado de dirección	Si
ADGX04	Experto en xestión de salarios e seguros sociais	Si
AGA00208	Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	Non
AGAX0208	Actividades auxiliares en agricultura	Non
COMV0108	Actividades de venda	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Si
SANC10	Celador sanitario	Si
SSCD10	Empregada de fogar	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención socio sanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non

Eume: Cabanas, Capela (A), Monfero, Pontedeume e Pontes de García Rodríguez (As)

Código	Descrición	Centro homol.
ADGA10	Empregado de oficina	Si
ADGG0108	Asistencia á dirección	Non
ELER10	Electricista de mantemento	Si
ELET10	Electrónico de mantemento	Si
ENAE0108	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
ENAE30	Técnico de sistemas de enerxías renovables	Si
FMEE0208	Montaxe e posta en marcha de bens de equipamento e maquinaria industrial	Non
FMEM60	Preparador-programador de máquinas ferramentas CNC	Si
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
IMPP10	Perruqueiro	Non
IMPQ0108	Servizos auxiliares de perruquería	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Si
SEAL10	Axudante técnico prevención de incendios no medio rural	Non
SSCM0108	Limpeza en superficies e mobiliario en edificios e locais	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
SSCS10	Monitor sociocultural	Si
SSCS20	Monitor de educación ambiental	Non

Ferrolterra: Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugarbos, Narón, Neda, San Sadurniño, Somozas (As) e Valdoviño

Código	Descrición	Centro homol.
ADGA10	Empregado de oficina	Si
ADGC02	Aplicacións informáticas de xestión	Si
ADGG0108	Asistencia á dirección	Non
ADGI01	Inglés: atención ao público	Si
ADGI20	Secretario/a	Si
ADGX01	Inglés: xestión comercial	Si
ADGX04	Experto en xestión de salarios e seguros sociais	Si
ARGD02	Deseño e modificación de planos en 2D e 3D	Si
ARGD10	Técnico auxiliar en deseño gráfico	Si
ARGD30	Técnico auxiliar en deseño industrial	Si
COMV30	Vendedor técnico	Si
ELEL10	Electricista de edificios	Si
ELEL13	Instalacións de enerxías renovables en edificios	Si
ELEL14	Electronicista básico de edificios	Si
ENAE0108	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
ENAE30	Técnico de sistemas de enerxías renovables	Si
FMEE0308	Deseño de produtos de fabricación mecánica	Non
FMEL50	Soldador de estruturas metálicas lixeiras	Si
FMEL60	Soldador de estruturas metálicas pesadas	Si
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Si
HOTA0308	Recepción en aloxamentos	Si
HOTG0208	Venda de produtos e servizos turísticos	Si
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
HOTR0408	Cociña	Non
IFCI10	Programador de aplicacións informáticas	Si
IFCT0108	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
IMAN10	Mecánico de mantemento	Si
IMAN14	Mecánico de mantemento hidráulico	Si
IMAN15	Mecánico de mantemento pneumático	Si
IMAN20	Electromecánico de mantemento	Si
INAP20	Pasteleiro	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Si
SSCD10	Empregada de fogar	Non
SSCF10	Formador ocupacional	Si
SSCF11	Metodoloxía para a formación aberta e a distancia	Si
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Si
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non

Código	Descrición	Centro homol.
SSCS10	Monitor sociocultural	Si
TMVC31	Condutor de vehículos clases C1-C	Si
TMVE40	Electricista/electrónico de vehículos	Si
TMVE50	Técnico de diagnose de vehículos	Si
TMVH10	Chapista pintor de vehículos	Si

Fisterra: Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía

Código	Descrición	Centro homol.
ADGA10	Empregado de oficina	Si
ADGC02	Aplicacións informáticas de xestión	Si
ADGG0108	Asistencia á dirección	Non
ADGI20	Secretario/a	Si
AGA00208	Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	Non
AGAR0108	Aproveitamentos forestais	Non
ARTT40	Modista/o	Si
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
MAMR0108	Montaxe de mobles e elementos de carpintería	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SEAL10	Axudante técnico de prevención de incendios no medio rural	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
SSCS10	Monitor sociocultural	Non

Muros: Carnota e Muros

Código	Descrición	Centro homol.
COMV0108	Actividades de venda	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non

Noia: Lousame, Noia, Outes e Porto do Son

Código	Descrición	Centro homol.
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
FMEE0108	Operacións auxiliares de fabricación mecánica	Non
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
MAMR0208	Acabado de carpintería e moble	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Si
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
TMVC30	Condutor de camión pesado	Si

O Sar: Dodro, Padrón e Rois

Código	Descrición	Centro homol.
COMV0108	Actividades de venda	Non
EOCE10	Encofrador	Si
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
MAMR0308	Mecanizado de madeira e derivados	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
TMVC30	Condutor de camión pesado	Si

Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Torroia e Trazo

Código	Descrición	Centro homol.
AFDB10	Socorrista acuático	Si
AGA00108	Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría	Non
COMV0108	Actividades de venda	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
EOCB0108	Fábricas en albanellaría	Non

Código	Descrición	Centro homol.
FMEE0108	Operacións auxiliares de fabricación mecánica	Non
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Si
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
TCPF10	Patronista escalador	Si
TMVC31	Condutor de vehículos clases C1-C	Si

Ortegal: Cerdido, Mañón, Ortigueira e Cariño

Código	Descrición	Centro homol.
ENAE0108	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
IEXD0308	Operacións auxiliares en plantas de elaboración de pedra natural e de tratamento e beneficio de minerais e rochas	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SEAL10	Axudante técnico prevención de incendios no medio rural	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
SSCS10	Monitor sociocultural	Non

Santiago: Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra

Código	Descrición	Centro homol.
ADGA10	Empregado de oficina	Si
ADGA30	Administrativo comercial	Si
ADGI21	Secretariado de dirección	Si
ADGX01	Inglés: xestión comercial	Si
ADGX04	Experto en xestión de salarios e seguros sociais	Si
AGAR0108	Aproveitamentos forestais	Non
ELEA10	Electricista industrial	Si
ELEL10	Electricista de edificios	Si
ELER10	Electricista de mantemento	Si
ELES0108	Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
ENAE0308	Organización e proxectos de instalacións solares térmicas	Non
ENAE30	Técnico de sistemas de enerxías renovables	Si
EOCI10	Fontaneiro	Si
EOCB30	Instalador de gas	Si
EOCH0108	Operacións de formigón	Non
FMEL50	Soldador de estruturas metálicas lixeiras	Si
FMEL60	Soldador de estruturas metálicas pesadas	Si
FMEL6106	Soldador con máquinas semiautomáticas MAG/MIG	Si
FMEL6206	Soldador ao arco eléctrico (básico)	Si
FMEL6406	Soldador de estruturas e depósitos para homologacións polo procedemento MAG/MIG	Si
FMEL6506	Soldador de tubaxes, recipientes e depósitos de aluminio polo procedemento TIG para homologacións	Si
FMEL6606	Soldador de tubaxes de alta presión de aceiro inoxidable con TIG e electrodos para homologacións	Si
FMEL6706	Soldador de unións achanadas para homologacións G con electrodos e TIG	Si
FMEL70	Soldador de tubos e recipientes alta presión	Si
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTG0108	Creación e xestión de viaxes combinados e eventos	Non
HOTG20	Guía de ruta	Si
HOTI0108	Promoción turística local e información ao visitante	Non
HOTI20	Axente de desenvolvemento turístico	Si
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
HOTR0308	Operacións básicas de catering	Non
HOTR0408	Cociña	Non
HOTR0608	Servizos de restaurante	Non
HOTR40	Camareiro/a de restaurante-bar	Si
HOTR50	Xefe de sala/maitre	Si
HOTR60	Sumiller	Si
IFCI10	Programador de aplicacións informáticas	Si
IFCI13	Programador de sistemas	Si
IFCI16	Administrador de base de datos	Si
IFCI17	Técnico en software ofimático	Si
IFCI21	Técnico en seguridade de redes e sistemas	Si

Código	Descrición	Centro homol.
IFCI3004	Programación de aplicacións orientadas a obxectos	Si
IFCT0108	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos	Non
IMPPI10	Perruqueiro	Si
IMPPI20	Estilista	Si
IMSA10	Luminotécnico	Si
IMSI30	Editor-montador de imaxe	Si
IMSI40	Técnico de son	Si
IMSI50	Técnico en audiovisuais	Si
IMSI80	Operador de cámara	Si
SANB10	Hixienista dental	Si
SANB20	Protésico dental	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Si
SSCD10	Empregada de fogar	Non
SSCF10	Formador ocupacional	Si
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Si
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Si
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Si
SSCS10	Monitor sociocultural	Si
SSCS20	Monitor/a de educación ambiental	Si
SSCZ30	Curso básico na loita contra o lume	Si
TMVC30	Condutor de camión pesado	Si
TMVC31	Condutor de vehículos clases C1-C	Si
TMVC40	Condutor de autobús	Si

Terra de Melide: Melide, Santiso, Sobrado e Toques

Código	Descrición	Centro homol.
AGAR0108	Aproveitamentos forestais	Non
AGAX0108	Actividades auxiliares en gandaría	Non
AGAX0208	Actividades auxiliares en agricultura	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
HOTA0108	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	Non
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SEAL10	Axudante técnico de prevención de incendios no medio rural	Non
SSCF10	Formador ocupacional	Si
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
TMVC31	Condutor de vehículos clases C1-C	Non
TMVC41	Condutor de vehículos clase D	Non

Terra de Soneira: Camariñas, Vimianzo e Zas

Código	Descrición	Centro homol.
ADGX01	Inglés: xestión comercial	Si
AGA00208	Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	Non
AGAR0108	Aproveitamentos forestais	Non
COMV0108	Actividades de venda	Non
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	Non
HOTI0108	Promoción turística local e información ao visitante	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
IMAI0108	Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica	Non
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non

Xallas: Mazaricos e Santa Comba

Código	Descrición	Centro homol.
ADGC02	Aplicacións informáticas de xestión	Si
ADGX04	Experto en xestión de salarios e seguros sociais	Si
AGAR0108	Aproveitamentos forestais	Non
AGAX0108	Actividades auxiliares en gandaría	Non
AGAX0208	Actividades auxiliares en agricultura	Non
FMEE0108	Operacións auxiliares de fabricación mecánica	Non
HOTR0108	Operacións básicas de cociña	Non
IFCX02	Iniciación á rede da internet	Si
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzheimer	Non
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	Non
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	Non
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Non
TMVC31	Condutor de vehículos clases C1-C	Si
TMVC41	Condutor de vehículos clase D	Si

ANEXO V

COMPROMISO DE PRÁCTICAS NON LABORAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DO CENTRO <input type="text"/>		
ENDEREZO <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>
TITULAR XURÍDICO <input type="text"/>		NIF/CIF <input type="text"/>

DATOS DO CURSO

NÚMERO DO CURSO <input type="text"/> / <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> / <input type="text"/>
CÓDIGO DA ESPECIALIDADE <input type="text"/>	DENOMINACIÓN DA ESPECIALIDADE <input type="text"/>

DATOS DO COMPROMISO DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS

NÚMERO DE ALUMNOS A QUE VAI REFERIDO O COMPROMISO	<input type="text"/>
NÚMERO DE HORAS TOTAIS DE PRÁCTICAS	<input type="text"/>
NÚMERO DE DÍAS TOTAIS DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	<input type="text"/>
EMPRESA/S CON QUE SE CONVEU A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	
<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Don/Dona con DNI

Como representante legal da entidade comprométese a realizar este compromiso de prácticas non laborais nos prazos que regula esta orde.

_____, de _____ de _____

ANEXO VI

COMPROMISO DE INSERCIÓN DE ALUMNOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DO CENTRO		Nº DE CENSO
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TITULAR XURÍDICO		NIF/CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>

DATOS DO CURSO

NÚMERO DO CURSO	<input type="text"/>	/	<input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE	<input type="text"/>	/	<input type="text"/>
CÓDIGO DA ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN DA ESPECIALIDADE						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						

DATOS DO COMPROMISO DE INSERCIÓN

NÚMERO DE ALUMNOS A QUE VAI REFERIDO O COMPROMISO	<input type="text"/>
EMPRESAS/ S CON QUE SE CONVEU A REALIZACIÓN DA INSERCIÓN	
<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
POSTO/S DE TRABALLO EN QUE SE REALIZARÁ A INSERCIÓN	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
DURACIÓN PREVISTA DOS CONTRATOS E XORNADA LABORAL	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	

Don/Dona con DNI

Como representante legal da entidade comprométese a realizar este compromiso de inserción no prazo mínimo de seis meses desde a data de finalización da acción formativa.

_____, de _____ de _____